

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 61 * DO 11 AO 17 DE MAIO DE 1979 * 30 PTAS.

especial letras galegas



IRIBAR. Mais alá dun grande porteiro de fútbol

PAXINA 19

Unha praga con boas defensas

PAXINA 3

NO ESPECIAL LETRAS GALEGAS

- * Filosofía lingüística da Constitución
- * Anxel Cole: Narrador a pelo
- * Un so ensino, unha lingua só
- * Concurso pra nenos.
- * "O Día das Letras nunha Galicia ceibe"

NOTAS NECROLOXICAS

"La Voz de Galicia" de vernos 4 de maio, recolle unha información sobor das eleccións en Irlanda do Norte: "En anteriores eleccións el robo de votos alcanzó la proporción del 90 por ciento en algunas zonas rurales. Esto dio origen a un irónico slogan electoral: vota pronto y a menudo. Las investigaciones han demostrado que las listas de muertos y hospitalizados, imposibles de obtener por las oficinas del censo, eran facilitadas en su mayoría por conductores de ambulancias políticamente concienciados".

Xa ven que nas colonias nin de mortos nos deixan ter ocougo. Contan que os enterradores cobran o plus de nocturnidade a base dos dentes postizos que os difuntos levan, pro ao fin e o cabo os dentes de pouco siven no outro mundo. Mais saber que nin morrendo de morte morrida nos ceibamos de votar polos amos imperiais, amola a calquera. Verdadeiramente non somos niguen.

\$300 MILLONES

"No comprendemos como el Gobierno de Madrid ha ayudado, y creemos que sigue ayudando, a Somoza. Los fusiles Cetmie y granadas que utiliza la Guardia Nacional para masacrar al pueblo son españoles." Declara Humberto Ortega a "El País" do 28 de abril.

E asegún as linguas marmuradoras, este ano viaxa a Nicaragua

a Brigada Antidisturbios de Valladolid co fin de revitalizar o "Día de la Hispanidad".



O BURRO DO PARADA

En "La Voz de Galicia" de sábado, 28 de abril, e na sección "Buenos Días", encárganse de curarnos de espantos: "Aunque en economía poco cuentan las palabras, cuando salen de una boca no triunfalista son todo un respiro. Unos de los más jóvenes y lúcidos ejecutivos de la banca gallega, comentaba que... se notó menos la crisis que en el resto de España."

Hai anos, na cidade de Ourense un tal Parada quixo experimentar cun burro que tiña pra ver de abaratar a manutención. E resolveu porlle unhas gafas verdes e darlle ascrín por alimento, de sorte que o pobre do burro coidaba comer na herba, hastra que o animalíño

rematou por estopuar, perforado o bandullo por réxime tan insano.

Si o burro do Parada sobrevivise, hoxe sería un lúcido executivo.

SOPAPOS

No periódico "El País" lemos a seguinte información datada en Las Palmas: "Una maestra del colegio Nacional "Isabel la Católica" de esta capital ordenó a los 31 niños de su clase abofetear a un compañero como castigo por realizar una acción similar con otro alumno de la clase."

Cáseque todos conocemos aquel tipo de mestres que tiraban da vara de rebolo e



mallaban nas uñas, e non porque o visemos en "Crónicas de un Pueblo", senón porque nos tocou algún vergallazo que outro. Pró un exemplar que a estas alturas aplique a Lei do Talión merece ser filmado pra o "Planeta Azul" do Sr. Rodríguez de la Fuente, xunto co lobo aquel que comeu unha nena eses anos pasados en Ourense e demais fauna infanticida. Eso pasa por aprender pedagogía no Código de Hammurabi, ou seña nos programas do Ministerio de Educación. Por algo Suárez, ao reestructurar o Goberno, partiu o tal Ministerio en varios anacos e de seguro que acabará absorbido polo de Sanidade polo choio de que "a letra con sangue entra".

RETRATOS DE COLONIZADOS

No n. 4 da revista Tigris editada pola oficina de prensada da Embaixada do Irak, atopamos unhas notas informativas sobre dun país africano, Techad: "El Chad es una república independiente desde agosto de 1966,

tras cuarenta años de sumisión colonial a Francia. Pero la independencia no descolgó a los antiguos colonos de su influencia en los sucesivos conflictos internos. Primero Tombalbé y despues Mallum, representantes de las tribus negras del Sur, recibieron el apoyo de los antiguos colonos, quienes de esa forma continuaban su imperial hegemonía en el Chad.

Aos 40 anos, o imperialismo troca o exército invasor por fideles caciques pra seguir zugador da colonia, aínda que democráticamente. Algo desto nos sona aos galegos, que vimos pasar aos amos do "Imperio hacia Dios" á autonomía, precisamente despois de 40 anos.



E o que se di "renovarse ou morrer", que tamén as cobras mudan de camisa e non por eso deixan de ser tales.

¿E que me din don saran, pelo tribalista? Ao ben visto, en Galicia, a maiores da polio, meninxitis e demais epidemias "terceiromundistas", padecemos de tribalismo, doenza conocida entres aborixes como "capitalidade".

Un paso adelante

A NOSA TERRA conta hoxe con máis de 4.000 suscriptores pero necesitamos conseguir entre todos 1.000 novas suscripcións.

Colabore coa prensa galega, faga un suscriptor pra A NOSA TERRA!

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— EUROPA: Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— AMERICA: Arxentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— U.S.A., Puerto Rico: Anual 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Nome _____
 Profesión _____
 Enderezo _____
 Poboación _____
 Provincia _____

Desexo suscribirme ao periódico galego semanal A NOSA TERRA
 por un ano por seis meses
 Envío o importe (cheque xiro postal transferencia)
 _____ a _____ de 197__

Novo n.º. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

PIDA OS NUMEROS ATRASADOS QUE LLE INTERESEN, ENVIANDO O IMPORTE EN SELOS DE CORREOS.

Agasalle a un amigo cunha **COLECCION ENCUADERNADA** de A NOSA TERRA dende o número 0 ao 26.

O precio é samente de 1.200 pesetas, incluídos gastos de remesa.

"A NOSA TERRA", EN MADRID

- PLAZA CASTILLA (esquina a Agustín de Foxá).
- CUATRO CAMINOS (entre Bravo Murillo e J. García Morato)
- ARGUELLES (entre Alberto Aguilera e Princesa)
- MONCLOA (salida Isaac Peral)
- CIBELES 1 (Paseo del Prado)
- CIBELES (Paseo subterráneo)
- PL. INDEPENDENCIA (Puerta de Alcalá) (frente ao número 10)
- PL. INDEPENDENCIA (Puerta de Alcalá) (frente ao número 3)
- PL. ROMA (Manuel Becerra) (esquina Ramón de la Cruz)
- PUERTA DEL SOL (saída Montera)
- Galería Sargadelos (Calle Zurbano)
- A. Cultural "LOSTREGO" (Calle Barquillo, 18-cuarto)
- RASTRO (Carlos Arniches)

Cando aquela señora de Torneiros, na Terrachá, sentiu como dende o ar guindaban un embrullo e ao se achegar viu vermes dentro del, apañou un anaco e levouno hastra a casa porque, de non facelo así, de seguro que o seu home non llo ía creer. Tampouco é novo o decir popular encol dos intereses das casas de insecticidas en provocar diferentes pragas de cara a lle dar boa

saída comercial aos seus produtos. "Os escarabello, mesmo o escarabello, veu de Francia. Inda non se conecía por acó e xa había nons Axuntamentos papeles contra da praga do escarabello". Pero agora son os "vermes dos prados", os que na Inglaterra se chaman "chaquetas de coiro" pra facer referencia ao seu pelexo duro, son as larvas de tipulas que polo


día se agachan embaixo da terra, a pucos centímetros, pra que os paxaros non as coman, e saen pola noite a alimentarse de herbas tenras, preferentemente, desertizando praderías en pouco tempo e atacando, si se terciá, mesmo limoeiros novos, como xa tén acontecido na zona de Pontevedra hai ben anos, cando as tipulas xa andaban entre nós pero sin constituir un perigo grave.

UNHA PRAGA CON BOAS DEFENSAS

MORREU A LAGOA, MEDRARON OS VERMES

Dende o ano 71, a presenza destes vermes grisallos xa empezou a ser importante e de ano en ano máis abundosa. Os primeiros lugares atacados corresponderon ás zonas de Colonización —monte de recién conversión en praderías baixo o patrocinio e o control estatal—, na Terrachá luguesa, e nos dados de ano 72 especificábase que os Axuntamentos de Cospeito e Castro de Rei resultaron afectados singularmente. De Cospeito é asimeísmo a información gráfica que A NOSA TERRA recolleu hai dous días por mor de que unha das hipóteses máis fiables fala do desequilibrio ocasionado pola desecación dunha lagoa na que'l Municipio como feito propiciador da pervivencia das tipulas cada primavera e cada inverno a consecuencia da desaparición de moitos paxaros. "Naguela" casa

Ao se convertir a Lagoa nun lameiro os páxaros fuxiron e os vermes medraron máis e máis.



XURXO FERNÁNDEZ

apareceron todos os anos menos este, a hon seguro gracias ás pitas que andiveron todo to tempo pateirando a terra", comentábanos un veciño do lugar. A escasos kilómetros, xa no termo municipal de Castro de Rei, nas terras de colonización, non foi difícil dar con tipulas, das que publicamos imaxes, mentras os labregos da zona repartían as opinións entre que se o purín é a causa ou son causa os que as "salpican" por ahí adiante, recollendo un comentario cada día máis xeralizado, tanto tanto, que na parte sul da provincia, en Chantada, onde non se conocían os vermes dos prados hastra hai dous ou tres anos e hoxe aparecen ao esguer calqueira torrón, as voces populares declararían pra A NOSA TERRA:

"Ao comenzo a xente botáballe a culpa da súa aparición aos puríns das granxas. Os técnicos, nembargantes, din que é consecuencia das choivas. Pra non non esta craro... algún chegou a dixir

CADRO BRANCO

A alumna de segundo de BUP do Instituto de Marín, Luisa Lavandeira Pintos, reprimida polo uso consecuente do noso idioma galego.

O Axuntamento de Abadín (Lugo) pronunciouse a favor do apoio á nosa cultura e á oficialización do galego e tamén a restaurar os nomes galegos e populares naquel municipio.

Co pelexo duro e unha cór grisalla, as larvas van esfarelado os prados cada noite.

CADRO NEGRO

A señora Carmen Castiñeiras Guerra, agregada de Matemáticas no Instituto de Marín, a directora do Centro, o Inspector de Ensino Medio. A primeira por insultar á alumna Luisa Lavandeira polo feito de falar galego, negándose a correxir e entregar un esame da asignatura, agachando, tamén, o resultado do mesmo. Ao segundo, por cómpli-ce desta caste de profesorado; e ao terceiro por lle decir a Luisa que se quere empregar o galego o faga brincando ou nos mitíns. Unha das frases adicadas ao noso idioma neste asunto foi aquela de "esa lingua de perros".

XURXO FERNÁNDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:

Acosta Beiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luís.
López Gómez, Felipe Senén.
Móralos Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores

e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa,
Antón L. Galocha, Lois Celieiro,
Marita Otero, Pablo Viz,
Paco Arrizado, Fernando Franco,
Ignacio Briset, Suso Piñeiro,
Guillermo Pérez, F. Cusí,
Emilio Veiga (Países Catalpans),
P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi),

María Alonso (España),
Carlos Durán (Londres),
A. P. Dasilva (Porto),
Juanjo Navarro, Llatzer Moix,
Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección:
Pepe Barro

Fotografía: Brais,
Xurxo Fernández, Fernando Bellas

Dibuxos: Xaquín Marín,
Xulio Maside, Alfonso Sucasas,
Xurxo Fernández

Redacción e Administración:
Troia 10-primeiro Santiago
Teléfonos:
Redacción: 582681
Administración (de 10 a 14):
582613

Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña: A. González.
Santiago: Prensa Nacional. Ferrol: Distribu-
cións Velo. Pontevedra: Librería Cao. Vigo:
Distribuidora Viguesa.

Bilbao: Distribuidora Vasca,
Telf.: 4231933
Lugo: Souto
Ourense: Vda. de Lisardo
Barcelona: F. Rafael Artal,
Telf.: 2433658

que ollara unha avioneta tirar uns frascos de cristal e que puido recoller un que non rachou: ali veñan vermes”.

O COMBATE A ESTA PRAGA

Dende o ano 72 en que atacaran forte á Terrachá hastra o 78, que afectou amais de

Villalba ao val de Sarria, en Lugo, e ás terras de Lalín e Rodeiro, en Pontevedra, a despreocupación compeou agosto nas decisións oficiais. Ao primeiro trataronse con clorados, “cun resultado excelente”,


din no Servicio Agronómico de Abegondo, Coruña; hoxe recoméndase diferentes produtos,

de diferentes casas da importancia da multinacional Bayer, en cantidades de 2 e 3 kilos por ferrado, inda que a solución máis radical seguiría a ser voltear os prados pra que os vermes sacaran

ao sol, porque non aturan a falla de humidade, e mesmo, se a situación é moi grave, queimar superficialmente os terreos invadidos, procedementos, estes, moi

laboriosos pero que, cando menos, non teñen riscos de cara ao gando. Neste senso, e nun primeiro traballo publicado en A NOSA TERRA, número 59, recomendamos os cebos envenenados feitos a base de fluosilicato de bario e salvado,

colocados en liñas e humedecidos. O certo é que hoxe, despois de ben anos de ir sufrindo esta praga ascendente, organismos oficiais declaran que sí, que a epidemia é forte, que cumpre unha campaña masiva —claro



XURXO FERNÁNDEZ

que a millor época pra o tratamento é febreiro, que xa aló vai — que se tronza o equilibrio ecoloxico con resultados desfavorables pra os prados, que...

E mesmo algún labrego, da zona chantadina, queixoso da escasa axuda pra loitar contra “desta nova praga, máis difícil de acabar con ela que co escarabello das patacas” apuntaba: “Miren, algún hastra dá razóns, como agora case non se botan patacas e hai fábricas con moitos

insecticidas acumulados sen os poder vender...”

Ao remate, e mentras nos organismos do Ministerio español ándase a falar de que se é importante se subvencionan os produtos recomendados, de que se nos invernos húmedos e

mornos aparecen as típulas, un lembra a carencia de investigación durante moito anos, e mesmo as consecuencias que pode ter a desecación dunha lagoa como a de Cospeito, hoxe a ermo e convertida nun lameiro, por estarmos nun país onde a racionalidade ao servizo dos intereses populares é ben difícil de topar.





Individualmente os labregos combaten a praga, unha praga que vai pra dez anos: ¿Qué fixeron certos organismos?

PUCHEIRO
M.LEDO

**¿BUSCA A LENDA
DUN CASTELO
OU VENDE
UN CABALO VELLO?**

**ANUNCIOS
DE BALDE**

A NOSA TERRA

**AS CERAMICAS DO CAS
TRO  E AS DE SARGA  ESTAN FEITAS
CON TERRAS GALEGAS,
AS IDEAS E A CIENCIA
QUE LLES PROPORCIO
NA O LABORATORIO DE
FORMAS DE GALICIA  E O SEMINARIO DE ES
TUDOS CERAMICOS **

**ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
TANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS**

FOLGA EN LUGO

A construción, sector conflictivo

A construción vén sendo un dos sectores máis conflictivos de toda Galicia. Concretamente en Lugo estase noutra folga que en principio esta prevista pra os días oito e nove e que posiblemente se fará ilimitada, ao ameazar a patronal con catro días de suspensión de emprego e salario. As reivindicacións que motivan a folga son múltiples: eliminación das táboas de rendemento, un aumento no salario do 18 por cento, que supoñería unhas 4.000 e pico pts., cobrar o cen por na baixa por accidente ao enfermidade, librar os sábados, etc. As propostas da patronal en canto ao bruto a ofrecer pode ser positivos, pro os traballadores non queren aceptar que lles integren o plus que xa tiñan antes. Están celebrando dúas asambleas diarias, mañá e tarde, e saíndo en piquetes todos os días. Unha marcha con máis de oitocentos traballadores foi coreando consignas coma "contra os topes salariais", "por un convenio xusto", "estamos unidos hoxe máis que nunca" e "solidaridade coa construción", entre outras. Mércores fíxose outra, que rematou no axuntamento con parecidas consignas. As centrais sindicais pensan que o único camiño que teñen pra presionar as súas reivindicacións son as mobilizacións.

O sector da construción, debido ás súas características, presenta sempre un aspecto conflictivo. O seu simbiotismo, o que recolla traballadores de idade, os salarios típicamente baixos e unhas condicións duras, pois a lexicación non se aplica (hixiene, etc.), fan que seña o sector onde se fan máis



reclamacións, onde os conflitos están ao orde do día. Ao ser un sector dependente que non xenera beneficio propio, e ao ter que se financiar dos aforros e escedentes económicos doutros sectores, as crisis do capitalismo afectan creando moito paro, ao disminuir o volume de traballo. De doce mil teóricos traballadores, oito mil non topan traballo.

Todo isto leva a que seña o sector coas loitas máis longas, a un estado superconflictivo. Foron sempre loitas ou ben polo convenio ou participando en xornadas xerais. Fora importantísima a do ano 77 en todas as

provincias galegas na loita polo convenio. Concretamente en Lugo, dérase un avance moi importante, pois despois de trece días de folga ilegal que afectara a uns dez mil traballadores (comenzaba a construción da Alúmina), conseguírase que non houbera nin despedidos nin sancións. A central nacionalista SOG (pouco despois ING) levava esta loita, confirmando como maioritaria na provincia. Despois do 77 normalizouse un pouco o sector daquela non había nin siquera nóminas), e hoxe a construción esta máis ou menos equilibrada aos máis sectores.

crónica política

No Instituto de Marín, unha rapaza de 2 de B.U.P. vese calificada de "perra" por unha profesora de Matemáticas que se nega a corregir o seu exame por estar redactado na nosa lingua; O Goberno Civil de Ourense invalida as actas do Axuntamento de Allariz por estaren redactados en galego; nunha escola unitaria de Ourense, a inspección obriga ao mestre a entregar textos en español, e non en galego, como viña facendo hastra daquela, porque aos nenos hai que "culturalizalos" na lingua oficial; o Goberno prepara un decreto que regula o uso das linguas constitucionalmente anomeadas "españolas" nas reunións das Corporacións municipais, no que se afirma que as actas deberán de ser redactar en español...

Estes son feitos e anécdotas que non fan máis que demostrar a represión e imposición que se continua a exercer sobor da nosa lingua con métodos non somente refinados, senón moitas veces coercitivos e violentos. Inda por irba, co reconecemento cínico de que a nosa lingua existe, e a declaración grandilocuente e fraudulenta de que hai que "respetala e protexela", asegúndi a Constitución. Queresenos facer creer que xa non hai hostilidade contra do galego porque se reconece que existe. Nembargantes, non se tén tomada ningunha medida que legalice polo menos a práctica lingüística galeguizadora conseguida a base do exclusivo esforzo do noso pobo en contra de todo tipo de atrancos e represións, tanto no eido do ensino e as institucións como da vida social en xeral. O Goberno ten preparado un decreto-lei pra o galego na escola que seguindo as normas establecidas no do ensino do catalán, pode servir perfectamente, caso de o aplicar en senso estrito, pra ilegalizar a todos os profesores e alumnos que hoxe, nos diferentes niveles educativos, defenden coerente e consecuentemente a nosa lingua. O valeiro legal explícito existente deica hoxe en materia de uso do galego na escola pódese substituir por leis restrictivas, destinadas a exclusivamente a combater, cercar e destruír o proceso de galeguización que, no sistema educativo coma en moitos outros campos da vida, tén acontecido en Galicia nos últimos anos, gracias ao esforzo do nacionalismo popular.

Os casos citados ao comenzo non son illados. Hai toda unha mecánica de comportamento que adquire as formas de represión descarada en moitos casos, de paternalismo bilingüista e colonizante noutros, de democratismo españolizante en ocasións, que a súa finalidade é tratar de impedir que o proceso vaia a máis. Deica agora, os responsables de política educativa e os responsables gubernativos non tomaron medidas xeralizadas de carácter represivo, limitándose a tantear o terreo en casos particulares pra comprobar a correlación das forzas. E craro que no ensino van recurrir a comprometer ás Asociacións de Pais na política de desmantelamento, ao profesorado e xerarquías irracionalmente antigalegos, pretestando criterios pedagóxicos, principios democráticos "do que queira a maioría", maioría á que se tentará manipular, amais de que o galego xa tén o seu sitiño como asignatura e como lingua da que se parte pra depender mellor o español. Velaí cómo van tentar utilizar o decreto de bilingüismo, como están xa preparando e tanteando a situación en moitos máis lugares dos que os inxenuos puideron pensar.

E hora, pois, de non deixar pasar máis o tempo e dar unha unha resposta acaída a esta política cínicamente represiva que tentan colar coma quen non quer a cousa. A democracia española tampouco no terreo lingüístico serve pra solucionar os nosos problemas; nin siquera legaliza o comportamento dos que loitan por solucionalo. Este 17 de Maio de 1979 é, pois, o momento oportuno pra desencaretar a política colonialista do Goberno español, agachada baixo de novas formas.

TALLERES NOS

MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO, 47 / VERDUN
BARCELONA

Librería COUCEIRO

República de El Salvador, 9
Teléfono 59 58 12 SANTIAGO DE COMPOSTELA

NAS FESTAS DE GALICIA

xanela

TEATRO,
CONFERENCIAS,
MUSICA
E
CANCIONS GALEGAS

DIFUSORA CULTURAL GALEGA, As Lagoas, Edif. Mediodía, 9-terceiro izqda.
Teléfono (981) 20 46 04. A CORUNA, GALICIA.

HORARIO DE OFICINA DE 10 A 1 DE LUNS A VERNES

A CUOTA DA S.S.A.

As CC.LL. contra dos novos acordos

Os labregos galegos pagan tanto ao censo como traballador autónomo, que lle daría dereitos a percibir unha serie de beneficios, coma subsidio de velez e seguro médico, e a cuota empresarial, que non lles repercute dunha maneira concreta. A administración calculara unhas xornadas teóricas dacordo coas horas de traballo que precisa anualmente cada hectárea de terreo, e diversas causas levaron a unha valoración monstruosa, co que foron moitas as xornadas teóricas impostas.

Os labregos non son empresarios, e por eso empezaron a negarse a pagar a cuota organizada dentro das Comisiós Labregas. A loita contra da cuota ocupou lugar sobranceiro dentro das reivindicacións dos labregos. No derradeiro consello de ministros tomáronse uns acordos

referentes a novos tipos de cotización ao Réxime especial da S.S.A., e diante deles CC.LL. manifestan que:

1.— "A conxelación das xornadas teóricas e a equiparación de prestacións, aínda que non resposta totalmente as reivindicacións dos labregos galegos, é a consecuencia da loita levada nos derradeiros anos, loita que aínda non rematou e que obriga ao Goberno español a ceder e reconocer explicitamente como inxusta a propia Cuota Empresarial, e como discriminatoria a propia percepción polo Réxime Especial Agrario.

2.— A suba do chamado "Censo" é, neste conteso, unha nova agresión, en tanto que se aumenta esta cotización sin suprimir a Cuota Empresarial, e por tanto na práctica pagaremos moito máis que o que nos corresponde.

3.— Todo isto é consecuencia da política pro-monopolista do Goberno español, favorable neste caso aos auténticos empresarios, con quen se proyectan planes experimentais, mentras que con nós, os labregos, mantéñense inxusticias seculares, e



POUSA

prepáranse leis gravemente lesivas pra os nosos intereses —estado do leite, Mercado Común...—

Os acordos tomados veñen poñer peor a inxusta situación da clase labrega galega. Despois das fortes campañas levadas ao cabo (llembramos a grandísima movilización de tractores, o boicot ás feiras e unha xuntanza de perto de vinte mil labregos pra decidir sobor da cuota celebrada no Pabellón municipal de Lugo o 26 de nadal do 77, entre outras posturas de forza), as resolucións de Madrid siguen asoballando. As CC.LL. toman rapidamente unha postura crara ante a nova situación, non pagar.

"Diante desta situación, as Comisiós Labregas fan un chamamento a todos os labregos galegos pra que se manteñan

firmes sin pagar, e se dispoñan a continuar a loita cara non samente a conseguir unha Seguridade Social xusta en base á supresión da Cuota Empresarial, cotización única, contemplando ao labrego como traballador, equiparación total de prestacións, creación dunha rede asis-

tencial sanitaria mínima no campo, etc., senón tamén pra opoñerlos a toda unha serie de medidas projectadas polo Goberno español, que, de levarse

adiante, impedirán dun xeito cada vez máis grave a posibilidade de que os labregos galegos poidamos levar unha vida digna na propia terra".

Cursos de formación do profesorado galego

Tratando de que o ensino en Galicia responda as necesidades reais da sociedade galega, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega convoca uns novos cursos de formación de profesorado continuando a súa laboura de intentar a normalización da lingua e da cultura galega, dado que o ensino que se imparte non responde ás necesidades sociais, económicas, culturais, lingüísticas do entorno, non é un ensino galego. "Un ensinante té n un título que o habilita pra realizar a súa tarefa, pero ese título obtense en base a un plan de estudos feito na perspectiva da cultura española; polo que como non se estude por conta propia, pódese rematar a carreira sin información nin perspectiva ningunha referido á cultura galega. O malo é que eses ensinantes van realizar a súa laboura na sociedade galega, coas conseguintes fallas de axeitamento do

ensino a realidade. O ensino oficial tenta facer ensinantes homoxeneizados, como o leite, que lle sirven tanto pra ensinar en Galicia como en Euskadi, Canarias ou calqueira das rexións de España, etc., porque ademais pra os ensinantes galegos xa habilita os correspondentes medios pra desplazalos".

Despois dos cursos impartidos no pasado trimestre, esta asociación convoca tres novos cursos en diversas cidades galegas: HISTORIA DE GALICIA, PRACTICAS DE LABORATORIO e ENSINO PREESCOLAR, que comenzarán o 18 de maio cunha matrícula de 500 pesetas (socios 50 por cento). Ao fin do curso entregarase un diploma.

Dada a importancia que lle concedemos aos cursos, na páxina dazanove damos ampla reseña de profesorado, materias e lugares e horarios correspondentes.

Contra do decreto de bilengüismo

Case douscentos delegados de ERGA (Estudiantes Revolucionarios Galegos) celebraron o pasado día seis o seu primeiro Encontro Nacional de delegados, no que "se estudou e criticou o proieto de decreto de bilengüismo, acordándose pasar á Xunta de Galicia e o MEC a nosa firme oposición en contra deste decreto, por represivo e regresivo, na medida en que supón botar abaixo as conquistas a nivel de galeguización que se

tiñan conquistadas nos derradeiros anos". Con anterioridade xa se valorara o ensino como selectivo, represivo a nivel cultural e falsamente democrático. Estimaron moi positivo o feito de ter delegados no 80 por cento dos institutos de Galicia. E rematou o encontro apoiando unánimemente a marcha a Xove, do día 20, e denunciando a situación de ilegalidade en que se atopa a organización, esixindo a legalización decontado.



PRA MOBLAXE
CONSULTENOS!

ALMACENS FERNANDEZ

REZA, 15 - OURENSE

CALIDADE AO MERCAR, COMODIDADE AO PAGAR



ULTIMAS NOVEDADES

- 12 Estampas,
Castelao
2.000
- Os viños de Galicia,
Xosé Posada
650
- Os outros feirantes,
Alvaro Cunqueiro
325
- Historias do Canizo,
Anxel Sevillano
225
- Correspondencia,
Manoel-Antonio
660
- Estudos Rosalinos,
R. Carballo Calero
600

LIBROS INFANTILES

- O traxe novo do emperador,
Trd. Xohana Torres
250
- O lobo ledo,
Trd. Xohana Torres,
250
- O demo Rapatú,
Trd. Xohana Torres
250
- As tres laranxas da vida,
Trd. Salvador Lorenzana
250
- Itawa,
Trd. Salvador Lorenzana
350

EN PREPARACION

- Dona Galicia,
Kristina Berg
- Guía de Galicia,
R. Otero Pedrayo
(estase revisando)
- Ensaio III,
D. García Sabell
- Obras Selecta II,
R. Otero Pedrayo
- Da Renascença
galega e outros
ensaio,
V. Risco
- Estacións ao mar,
Xohana Torres
- Xeografía de Galicia,
R. Otero Pedrayo
- 5 contos pra nenos,
O Facho

Diccionario Castelán-Galego

Os libros de Galaxia
están en tódalas
librerías
de Galicia.
Pídallos
ó seu libreiro
GALAXIA

a editorial que recuperou
o libro galego
rúa Reconquista, 1
Vigo.

As mulleres do wolfram

PABLO VIZ

Xa pasou o tempo en que a xente corría cara Fontao por milleiros. Eran tempos en que moita xente pasaba da fame á abundancia pra moitas veces volver cair na miseria. Os cartos correron arreo, porque había moito mineral e era moi pagado. Aquelas minas que se empezaron a explotar pra quitar estaño da casiterita que de sempre se acorda na zona, tiveron un forte relanzamento ao lle aparecer utilización a un mineral que antes se rexeitaba, o wolfram. Este mineral dá unhas aleacións moi fortes, que sobre todo pra fabricar material bélico daba uns resultados escelentes.

Non é nada raro, pois, que os auxes na explotación foran cando a guerra mundial, de tal maneira que co desembarco de Normandía os precios caíron polo chan. Pertencentes á Sociedade de Estaños de Silleda, foron dos ingleses deica o vinteno, logo dos franceses deica o trinta e sete, e a partir daí, foi o capital hispano-francés o que levou adiante a explotación deica o sesenta e tres. Neste período é cando se produciu todo o movemento social tanto dentro da mina (traballaban máis de ducentas cincuenta persoas) coma fora, que un movemento pirata manexaba miles de toneladas do mineral; era o "estraperlo", collelo, agachalo e vendelo; supoñía xogar a vida, ou polo menos anos na cadea, de cair nas mans da Garda Civil. Eran, políticaamente, tamén anos difíciles, foron moitos os presos que traballaron na mina, "viñan de oitenta en oitenta, turnándose", e moitos deles chegaron a asentar despois pola zona. Despois de acabar a segunda guerra mundial, os precios baixaran de todo. Aínda houbo unha suba durante a guerra de Corea, sobre os anos cincuenta, logo, no ano 63 a mina pechouse. Houbo aínda un novo intento de explotación, éste a ceo aberto, que durou dende o 65 ao 74, ano en que a empresa se viu denunciada por un veciño de Fontao, que tiña en período de casa e o xulgado de Lalín man-

dou parar a explotación. E así sigue dende aquela.

A RIQUEZA QUE VEN POLO RÍO

Mesmo acarón da mina pasa o río Deza, que vai bañando en todo o seu val moitas parroquias, e as máis pertas, Fontao, Merza, Bascuas, son as que máis se benefician da riqueza que dende a mina vai arrastrando. Non seus aluviós de sempre o Deza vai depositando wolfram cada vez máis miúdo asegún nos alonxamos das minas. As carreiras acabaron e non hai problemas de orde público, anque os precios baixaron moito con respecto aos anos do estraperlo (chegouse a pagar a 600 pesetas kg.), pero a xente sigue indo ao río. En canto o río empeza a baixar un pouco, ir ao wolfram convértese nunha profesión simbiótica, sobre todo prás mulleres; adican as mañás a outras cousas e pola tarde van pra o río.

Constitúen un movemento de xente moi importante. Concretamente en Merza, baixan cada tarde arredor dunhas trinta persoas, normalmente mulleres, anque sempre dan preferencia a poñer as patacas ou facer os labores axeitados aos días asegún vaia mandando o clima; "hoxe as de Sulago non viñeron porque tiñan que ir labrar, que xa anda todo moi retrasado", decíanos un grupo de mulleres da Moa que topamos río abaixo. E non



Somente falta repararles a última área.



Cada tarde, unhas trinta mulleres van tirando wolfram do río.

somente vai xente da ribeira do río, que xa dende aldeas de máis lonxe tamén baixan. Recordo aos buscadores de ouro, anque seña a un nivel moito máis reducido. O equipo que precisan é do máis elemental, unha sacha, unhas katiuskas pra se poder meter no río e un par de palanganas con que lavar a área. O resto é a arte que lle hai que botar, e que non venden en ningunha tenda. Xuntar kilo a kilo, mineral coma areiña negra e pesada non é doado se non se saben manexar as palanganas; por eso as mulleres están tranquilas, non hai medo de que ali

vaia moita xente, son moitos anos de práctica e por eso rende o traballo. "Cada día hai menos: como non traballan na mina, baixa pouco, anque tamén este ano xa viñemos en abril, e o pasado non empezamos ha mediado xulio"; "se levas dez kilos fas unha boa tarde, sacas un bo salario pra unha muller" comentaban as mulleres de Merza. De todos xeitos, o sabelo topar ben nun maino, tras dun penedo, nun pozo, e despois lavar axiña é o que da kilos ao cabo do día. Oito e dez kilos sácanos inda ben mulleres, pro hai quen nunha tarde chega aos

catorce e dazaseis. E se miramos que hoxe o pagan a 225 pesetas k., resulta certo o de facer boas tardes. Alí, a Merza, veñen dous ou tres compradores, unha vez á semán, e sempre marchan cunha boa cantidade de kilos, "e esco que agora xa baixou o precio, non hai aínda moito pagábonno-lo a cinco pesos máis en kg". Indo río abaixo tópanse un coa área da beira do río toda remexida e formando dunas pequechas que nos dan unha idea da cantidade de material que lavan, xa seña da beira ou do mesmo río se o dan collido. Realmente o traballo é duro, todo tempo medio dobradas mollándose de vez en cando aos esbarar nalgunha lousa, ao tentar chegar un pouco máis ao medio, pro normalmente van en grupos e fáiselles un pouco máis livián mentras van contando as últimas novas da T.V., mentras se fala dos mortos do País Basco, da emigración... E os catarros a aquela hora non acordan; ademais "mira, eu penseiche que tusía pola friaxe do río, pero domingo na misa tusía todo o mundo, aínda máis os que non foran ao río".

Agora, no Deza, cando os peixes empezan a choutar e os troiteiros xa hai que se botaron ao río, as mulleres do wolfram en calquer recuncho amosan xa a estampa do río pra todo o vian-

DIBUXANTE PUBLICITARIO

a horas
pra colabourar con

AXENCIA DE PUBLICIDADE

instalada en Vigo

escribir a Apdo. 732
de Vigo (Ref. Dibuxante)
indicando: ocupación
actual e tempo libre

LIBRERIA XISTRAL MONFORTE



LIBRERIA



Vila de Negreira, 3
Tif. 261975
A CORUÑA

LIBRERIA GENERAL



LUGO
Teléfono, 21 11 19

O noso yogur

Galego enxebre. Por berce e carater. Fresco e sano coma nosa natureza. De puro leite de vacas galegas, das que soio saben de prados o aire ceibe. Yogur Rueda, natural e con froitos. Feito en Lugo por "Lácteos Rueda" ó gusto de toda Galiza. Agora, con novos envases, máis axeitados. E con meirande sabor galego na cara, que no corpo. Dende o comenzo son coma Galiza os escolle. "O noso yogur" dinnos. De galego a galégos, gracias. En ten démonos.



Os Rueda veñen saúde.

A emigración non se leva coa diplomacia



non tén materias primas". Eche ben certo que somente un desexo grande de non se mollar pode levar a falar de "Estado español" e de "España", de "regiones" e de "pueblos de España". Houbo un momento no que dixo "Vascongadas, Euskadi, ou como se queira". Minusvalorou o problema da lingua pra os emigrantes nos países latinoamericanos, facendo fincapé en que si era grave en Europa, "chegando a producir casos de tolemia". Recordou o de aquela muller que en Londres se botou ao tren. Abondando nos casos conflictivos das linguas e culturas, que fan conflito non somente cos emigrantes, senón entre eles e os seus fillos, contou o caso das nenas, fillas de emigrantes, que no vran viñeran á Terra e fixeran a Primera Comunión. Cando foi de confesal, dixo monseñor que era un conflito, porque as nenas non entendían o castelán, somente falaban o inglés. Tamén se laiou de que non houbera ningún banco galego, porque, como xa lle comentara un alemán, "as divisas volven sempre ao país de orixe". En fin, que a conferencia tivo de todo, e ao remate, non ía ser menos, houbo aplausos e o agradecemento por parte de Dona Carmela, presidenta de "Meigas e Trasgos", de Sarria. O "planchón" veu cando se pediu pola megafonía de súa que, tendo en conta a sensibilización que había no presente en contra das centrais nucleares, se alguén dos que asistiran á conferencia querían firmar unha carta de protesta contra a central nuclear de Xove, que podía facelo. A propia presidenta de "Meigas e Trasgos" dixo que non tiña inconveniente en que se pediran as firmas no local, que cadaquén era moi libre de facer o que quixera. Pois miren por onde, inda ben non se rematara de explicar a intención dos que traguían a carta, xa estaba a xente saíndo das butacas, o monseñor de pé, tamén escoitando, e nesto que pega un bote, fai un aceno coa ma, coma aquel que di "iVa de retro, Satanás!", e dixo, baixando do estrado, "Eu con eso xa non teño nada que ver. Eu xa me aparto". ¡E dicir a Deus que concendo o asunto, xa ningún lle pedía que firmara! . Está visto que hai que non quer mollarse, pro morrer, morren pola boca, coma o peixe.

PACO ARRIZADO

O pasado día 4 deste mes, monseñor Araúxo Iglesias, bispo de Mondoñedo-O Ferrol, deu unha conferencia en Sarria sobre a emigración. Coma el mesmo dixo, leva a responsabilidade do tema da emigración dentro da Conferencia Episcopal. Precisamente por mor do cargo, está estes días en Londres visitando aos emigrantes que traballan en Inglaterra.


de cabeza. Os que tiveron máis problemas de conciencia pra facelo foron o de Tui-Vigo, Cerviño, e de O Ferrol-Mondoñedo, Araúxo, pro, ao remate, firmaron tamén. Tamén nos tería gustado saber a opinión de monseñor sobre desas andainas de unhas veces facer as pastorais en galego e outras en español. Todo isto é algo máis. Craro que monseñor viu o cuestionario que nós tiñamos e non debeu xulgar oportuno o se pronunciar, porque deulle voltas, e rematou con aquilo "Veña un día por Mondoñedo". Esto fixo que acordara o título dunha entrevista que xa se lle fixera ao monseñor neste semanario, e que decía "Sí, pero...". POor eso que Galicia é rica, nesta froita dos "peros", hainos de a kilo.

Nós fomos a Sarria xa non somente por conocer por boca de monseñor, que tén sonda de avanzado, ante os bispos galegos, as súas opinións sobre a emigración, senón outras coma as que tiña espresado nos seus escritos publicados na prensa, as súas, digamos que "simpatías" sobre a autonomía e a Constitución española. Todo isto tendo de conta que hai moitos sectores do pobo galegos que nin creen na autonomía nin a queren, e sobre de todo, queriamos que monseñor explicara como se entende este pronunciamento político cando el foi un dos firmantes do documento do que se fixeron responsables os cinco bispos que hai en Galicia, e no que se lle advertía aos cregos que de política, nin o cheiro, na víspera das eleccións municipais. Craro que compre crarexar que eiquí, ese escrito estivo máis ben pensado pra lle meter medo non aos cregos, senón aso fideles. Xa me entenden. Tamén sabemos de boa fonte que ese documento non saíu da cabeciña dos nosos bispos, senón que veu de Madrid, e que se dixo que era millor metelo "a nivel regional y en el momento que se juzgue oportuno". TAMÉN sabemos que os bispos de Ourense e Lugo non dubidaron un intre, e firmaron

Bueno, ao que ibamos. Na conferencia, monseñor Araúxo deixounos desengadados. Situou a emigración nas dúas épocas, antes e despois da Guerra civil, e na dirección americana ou europea. Dixo cousas certas e cousas erradas, que disculpou sempre con aquilo de "eu non son político, non son economista"; -craro que, sendo bispo, pódense dicir cousas coma galego, e tendo unha responsabilidade na Conferencia Episcopal, moito máis-. Pareceunos a conferencia un sermón dominical con sentimentalismo, paternalismo, algo de tono duro ás veces -algún dos presentes xulgou que era "pose"- algo de humor e ambigüedad nas definicións. E algunha outra cousa coma que "non estaba polo asulagamento de vales coma pasou en Castrelo do Miño, As Encrobas, Celulosas e a Central nuclear de Xove". Polo medio desto, un non concibe algo como aquilo de que "a gran ocupación de Galicia debía ser a gandería e a agricultura", e sobre de todo, o de que "Galicia

librería **abraxas**
Montero Ríos, 50
Santiago, Tlf.: 593655

Xanelo
Arte popular
XELMIREZ, 10. SANTIAGO



PROSIMAMENTE APERTURA
DUN NOVO LOCAL
ADICADO A ARTESANIA
GALEGA
EN RUA NOVA, 14

AS DIOS

UN AGASALLO
PRA OS SEUS
AGASALLOS!

GALERIAS
CRUZ-ARMAÑA
LUGO

especial
letras
galegas

A NOSA TERRA

INEDITO DE CASTELAO

"EXEMPLOS MUDOS" A PARABOLA DO ARBOLIÑO E AS ESTACAS

FELIPE SENEN


Ainda hai uns días conseguimos iste dibuxo inédito de Castelao; é un máis da serie "Cousas da Vida". Con il tencionaba encetar unha nova ringleira, a de "Exemplos mudos", noustante chatou iste tidoú pra engardillo ao da vella serie.

Son moitos, aínda, os dibuxos de Castelao que andan a circular no trafego da compra e a venda, como se fosen cheques dalguns milleiros de pesos... Poida que, Castelao endexamais cavilase en tal son as bulras do tempo as que fan que os dibuxos, as leccións, as parabolas do mestre queden perdidas nas coleccións privadas de médicos, abogados, de aprendices de cacique, os nemigos de Galicia e Castelao, os profetas e os voceiros do españolismo, as estacas que prenderon. "Detrás de todo humorismo hai unha grande dolor...", humorismo pra os do patio de butacas, door pra xentiña do traballo, resulta que tras diste dibuxo está unha realidade:


Foi medrando a cultura e moi "garimosamente" quixeronna amparar cunhas estacas

O arbolíño secou e prenderon os "clásicos", os "intelectuais" ou os ateneístas e os académicos, as greas que quixeron amparar ao arbolíño da cultura, as estacas

Pero asegún me dixeron o dibuxo de Castelao fíxose con outras miras e o seu significado tén algo que ver coa monarquía e cos militares dos tempos que lle tocou vivir ao mestre... o caso é que a parábola do arbolíño e as estacas tén outros fondos significados.



Plantaron un arbolíño
e amparáron-o c'unhas estacas




O arbolíño secou
e as estacas prenderon

CASTELAO

(Dibuxo: Museo do Castelo de S. Antón - Coruña)

78-79:

A loita cultural e o reducto oficialista



Sixto Seco (Padroado "Rosalia de Castro"), Marino Dónega ("Xunta"), García Sabell ("Academia") e o Bispo de Mondoñedo-Ferrol, Arauxo, entre outros, no homenaxe. Otero Pedraio en Trasalba.



A recuperación dos nomes populares leva esforzo e, as veces, sancións gubernativas.

Un ano máis pra comprobarmos, neste 17 de Maio, a separación de feito e de dereito ante o movemento cultural nacional galego e as espresións reducidas e con cada vez menos influencia social da Real Academia Galega, que continúa a aproveitar esta data simbólica arredor dun personaxe —nesta ocasión da valía de Manuel Antonio— sin entroncar, lóxicamente coas reivindicacións nacionalistas e populares no eido da cultura.

NON AO BILINGÜISMO

Continuando cunha campaña desenrolada ao longo do ano, o Frente Cultural da AN-PG mantén coma punto central deste 17 de Maio a regaleguización dos topónimos e a loita contra o bilingüismo baixo o lema "Non ao bilingüismo: Idioma galego, Idioma oficial". Neste senso, mandáronse oficios a todos os Axuntamentos do noso país pra que se definan polo apoio á nosa cultura, á oficialización do idioma, restauren os nomes galegos e populares nas ruas, prazas e lugares e interveñan diante de Obras Públicas e das Diputacións ao respecto, e tamén houbo peticións aos claustros de profesores e a diferentes Colexios profesionais e Agrupacións. A edición dun cartel relativo ao significado do idioma e a colocación de placas con nomes galegos pras ruas o mesmo 17, pecharían unha etapa das actividades nacionalistas no eido cultural.

Amais de se vencellar en gran número á loita pola oficialización e contra o bilingüismo, neste 17 de Maio distintas agrupacións culturais, espalladas pola nosa nación, organizan representacións teatrais, debates, montaxes audiovisuais sobre a Historia de Galicia e concursos literarios, coma os infantís da "Auriense", Ourense ou "O Facho", Coruña. Compre suliñar que na emigración os 17 de Maio han ter grande interese do que é exemplo as actividades da Coordinadora de Asociacións Culturais Galegas en Barcelona —conferencias sobre Manuel Antonio, exposición de libros e cerámica, teatro, mesa redonda sobre a normalización integrada polo Frente Cultural da AN-PG Roi Xordo, Nós (Sabadell) e Castelao (Hospitalet), o festival que organiza o Fato "Saudade" en Trintxerpe, Euskadi, o 19 de Maio, ou os 3 días con diversos actos que artellou "Lóstrego" en Madrid.

NOVO LOCAL PRA VELLA ACADEMIA

O ano cultural da Academia é ben diferente. Amais do ingreso de Xenaro

Mariñas del Valle, Valentín Paz Andrade e Eduardo Moreiras e da inauguración oficial dos novos locais o 22 do marzal, coa presenza dos Reis de España, a Academia continuó a asesorar sobre onomásticos, antropónimos e variantes da toponimia, a editar o seu boletín, a continuación do

diccionario galego-español, e diversos códigos e manuscritos "que se refieren especialmente a la región", etc. etc. tal e como decidiu a Xunta de Goberno nos seus proxectos de cara ao ano en curso, unha Xunta de Goberno con actas en español, e presidida polo Dr. García Sabell que, hai un ano, declaráballo a A NOSA TE-

RRA: "Estamos preparando o terreo pra facer un labor radicalmente galego. Eu teño un programa de actuacións que cando se faga público veráse o papel que vai xogar a Academia, non político senón cultural, pero cultural galego, radicalmente galeguista".

"IDIOMA GALEGO, IDIOMA OFICIAL"
Vía radiofónica cara a normalización

O Frente Cultural da AN-PG de Lugo ven realizando dende principios do curso académico presente un programa que se emite martes e vernes pola emisora local "Radio Lugo". Consecuentemente coa definición da nosa organización pola oficialidade do galego no territorio nacional de Galicia, o título do programa é "Idioma galego, idioma oficial"; o subtítulo "Programa pra millorar o galego que falamos". Tén unha duración media dun cuarto de hora. O seu plantexamento está lonxe dun academismo a ultranza, sen por eso descoidar unha mínima normativa necesaria. Dendes dun principio, preocupámonos de erradicar o castelanismo máis aparente, principalmente os defectos da construción da frase. Outra cousa que coidamos todo o que puidemos foi de empregarmos un galego vivo e vízoso, áxil e popular, empeño no que con altos e baixos, como é lóxico, tivemos regular fortuna. Por suposto que non estamos dando leccións "de galego", coma se fora un idioma estranxeiro, partimos de que o galego e o noso idioma nacional, conocido, millor ou peor, por

todos os galegos, falado decotío polo oitenta e pico por cen dos habitantes de Galicia. Nós non lles aprendemos aos nosos ouvintes a falar galego; éstos xa o sabían, millor ou peor, polo que a nosa pretensión é a máis modesta de ofrecerlles un perfeccionamento, e o que é máis importante, a conciencia do idioma propio, da importancia que tén asumir o idioma como seña de identidade nacional, como vínculo entre todos os galegos.

De por parte, ao principio de cada lección, collemos un texto literario dalgún escritor galego, ou pertencente á literatura popular, seguido dunha breve explicación. Castelao, Manuel Antonio, poetas dos cancioneros medievais, Anxel Fole, Manuel María, pasaron polo noso programa. Con isto, pretendemos que o pobo galego, cada vez máis amplamente participe da nosa literatura, unha literatura que non conteñen os plans de ensino, alleantes e colonizadores, que padecemos; mesmo dalgúns autores tratamos máis amplamente, falando deles unha lección enteira. Asemade, démoslle entrada no noso programa, como tiña de ser, a

acontecementos culturais de actualidade, e a temas que afectan de cheo á nosa cultura. Cando o Frente Cultural da AN-PG lanzou a campaña de recuperación da toponimia, estivemos falando dela. No programa falamos tamén do que é a normalización da lingua e da cultura, do decreto sobre o uso do galego no ensino ou "decreto de bilingüismo", tratando sempre de clarificar a postura do nacionalismo popular no tocante á cultura nacional galega. O equipo que fai o programa somos fundamentalmente catro persoas: Antón Currás e Sabela Rodríguez, que realizan a grabación, e María do Pilar García Negro e Darío Xohan Cabana, colaboradores habituais de A NOSA TERRA, que escriben as leccións. A esperencia, realmente, ao noso ver, é positiva e importante; anque a hora de emisión, as 9 da noite, non é do máis axeitado, a audiencia parece que medra, o que é unha mostra crara de que a preocupación polo coñecemento do noso idioma e da nosa cultura vai gañando terreo no seo das clases populares.

D.X. CABANA

historias de esmagados

X. MARIN



A FILOSOFIA LINGUISTICA DA CONSTITUCION ESPAÑOLA

FRANCISCO RODRIGUEZ

Unha vez máis vaise demostrar, por se aínda non estiver ben claro, que as alternativas lingüísticas corren parellas coas alternativas políticas e económicas. Isto quer decir que a actitude ante unha lingua, ante as linguas en xeral, traduce sempre unha actitude política, unha actitude verbo da función que cada un dos pobos, hoxe existentes no mundo, teñen que cumprir. Neste sentido, antes de facermos unha exposición de cal é a filosofía lingüística da 75 Constitución española, compre clarexar, inda que seña moi brevemente, cales son as perspectivas políticas das que parte a Constitución, pra podermos entender despois todo o proceso de análise.

Nefento, a Constitución española non significa ningún cambeo do sistema con respecto á situación fascista ou franquista. O Estado continúa a ser unitario, e a función dalgunhas nacións hoxe integradas nel vai seguir tendo unha función colonial. E moi sintomático, por exemplo, que o artigo 1, apartado 2, da Constitución, escomence xa por decretar que a soberanía real, a soberanía pra tomar todo tipo de decisións, depende dunha abstracción denominada "pueblo español", do cal van emanar todos os poderes do Estado. Ademais, afirmase, no artigo 2, o carácter "indisoluble de la unidad de la nación española, patria común e indivisible de todos los españoles", co que se garantiza legalmente a práctica cotiá, no terreo económico e político, imposta dende hai tempo (ás veces varios séculos) ás nacións asoballadas. E moi importantes ter presente que a alternativa autonómica é unha imposición, entre outras moitas cousas, pra dificultar e escurecer a recuperación da soberanía perdida, e a posibilidade de planificar a nosa vida económica, social, política e cultural. E por eso que a propia Constitución di que "reconoce y garantiza el derecho a la autonomía de las nacionalidades y regiones que la integran (a la nación española) y la solidaridad entre todas ellas", como reza o mesmo devandito artigo. Mal pode considerarse un dereito o que é unha cesión do propio Estado pra organizar administrativamente a "nación española" doutra maneira.

Por outra banda, tanto a nivel político como a nivel económico, a Constitución ergue unha contundente afirmación do carácter burgués e monopolista do Estado español. Precisamente, no artigo 38 declárase, dunha maneira pouco ideal e sí moi real, que "se reconoce la libertad de empresa en el marco de la economía de mercado. Los poderes públicos garantizan y protegen su ejercicio". E decir, que o Estado está para garantir e protexer o exercicio da economía de mercado; nesta etapa hostórica, o poder dos monopolios. Estásenos a decir, con novas formas políticas, que o sistema vai ser o mesmo que o padecido nos anos do fascismo. Cambease de fasquía esterna, pero non de práctica real. O mes o que acontece co problema lingüístico do Estado español. E aquilo que Lenin pensando na transición dun réxime feudal, absolutista, a unha democracia burguesa, denunciara como coincidencia sintomática: "Os liberais conciden por completo cos reaccionarios en que debe haber unha lingua oficial o grigada... O idioma da clase dominante debe ser a lingua oficial obrigada." As coincidencias de fondo ocorre que quedan unicamente oscurecidas polas sotilezas: "A posición dos liberais é moito máis "culto" e "sotil". Son partidarios de que se permita, dentro de certos lindeiros (por

exemplo, na escola primaria) a lingua materna, pero, ao mesmo tempo, defenden a obrigatoriedade da lingua oficial. Isto, din, é necesario en interés da "cultura", en interés da Rusia "unha" e "indivisible".

A primeira coincidencia da Constitución española co pasado inmediato non deixa lugar a dúbidas, en materia lingüística: "El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla" (artículo 3). A primeira sotileza, nembregantes, coa que a Constitución española tenta facernos creer que cambeou a realidade, é recurriendo a cambearlle de nome ás cousas. Todos sabemos que no Parlamento español, especialmente no Senado, houbo enfrontamentos por mor de cómo charmarlle ao idioma oficial do Estado (castelán ou español?). Naturalmente, os "demócratas", os que queren cambear de fasquía esterna, pero non de realidade cotiá defenderon abertamente que había que charmarlle castelán, mentras que, os que seguían aferrados ao pasado, identificados co sistema como éste realmente funciona, querían charmarlle español. Naturalmente, houbo catalanistas, houbo basquistas, é decir, non nacionalistas, que advertiron: "Olo, que se admitimos a denominación de español, admitimos tamén cal é a práctica real do idioma, isto é, que o idioma funciona concretamente como idioma asimilista, como idioma coercitivo. Se lle cambiamos o nome, considerando que é un idioma español máis, como tamén o son os outros, a asimilación pode continuar, pero enganaremos mellor aos cidadanos cataláns, bascos e galegos, porque non soio eles senón tamén os seus idiomas adquerirán a categoría simbólica de "españoles". Deste xeito, estase utilizando a lingua no seu valor simbólico emocional: todos españoles, todos pluralistas, pero todos no mesmo orden xerarquizado.

En segundo lugar, sin cambear a estrutura unitaria do Estado, e mesmo reafirmando, o pluralismo lingüístico tentase facelo xoqar como peza do engranaxe. O Estado e máis a anción son españoles; as linguas tamén son españolas. A asimilación, posto que non se discute pra nada o papel de quen realmente funciona como español, pode continuar. Por unha parte, garantíase, coexistencia na man que, na práctica real, o español vai seguir funcionando como tal; pola outra, na práctica ideal, compensatoria, chamranlle doutra maneira ("castellano"), pra que a xente non caia tan fácilmente na conta de que se lle está enganando.

Aparte do devandito, hai algo moi claro a nivel de utilización da lingua no texto constitucional que indica a disimetría e desigualdade á que se vai seguir sometendo ao galego, ao catalán e ao eukera. Unha vez máis pódese comprobar na práctica o aserto: "Dime cómo falas e direiche quen es". A táctica utilizada consiste no seguinte: por unha parte, decir que existen estas linguas, e pola outra decir que son maravilhosas, que hai que protexelas, porque son un patrimonio moi importante. E o que se chama, en terminoloxía ao uso, unha actitude compensatoria. Redúcense a ghettos e trátaselles de momias, restos arqueolóxicos. No fondo, do que se trata, polos métodos que faga falla, é que o español siga a funcionar como lingua dominante, que o dominio diglósico perviva, e cando decimos dominio diglósico, decimos dominio político opresivo. E nefento, analizando o artículo 3 da Constitución, observárase que,



despois desa enumeración tan contundente de deberes e dereitos de utilizar e saber o español, regálasenos coa seguinte floritura: "La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España (España é o que conta) es un patrimonio cultural (non real, nin político, nin social) que será objeto (como todas as cousas que non valen pra nada) de especial respecto y protección". A terminoloxía da Constitución española, cando se refire ás linguas asoballadas, indica toda unha filosofía de fondo. Se analizamos outros artigos que versan sobre distintos aspectos considerados históricos ou pasados, emprégase un vocabulario moi semellante. Neste senso, é interesante comparar o artigo 3 co 46, que é o que trata

dos monumentos artísticos, e di así: "Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España (único contesto en que aparece, curiosamente, esta espresión) y

de los bienes que los integran". Estas coincidencias na redacción, na utilización do vocabulario, son ben sintomáticas: as linguas nacionais pónense no mesmo plano que os museos, que os grandes edificios, como algo que non tén futuro, ao que hai que protexer, porque hai que esclerotizalo.

Podemos poñer nunha parte (a da esquerda) o vocabulario real, o vocabulario impositivo, a verdadeira intención social da Constitución, aquilo que vai ser eficaz daquelo (á dereita) que vai ser subordinado, xerarquizado, marxinado, ideal.

Nación española "Nacionalidades",
"regiones"
Pobo español "pueblos de España"
(Culturalismo, artículo 46)
Idioma oficial (castelán) linguas españolas
Estado comunidade autónoma
Dereito, deber fomento, protección
Indisoluble, común,
indivisible especial respecto

A esquerda, no que se considera real, no que se considera político, no que se consi-

dera "común a todos los españoles", está a nación española, da que deriva toda soberanía; está o idioma oficial, que se vai chamar "castellano", anque funcione como español; están os dereitos e deberes, e lóxicamente, está "a patria indivisible, a patria común". Pola contra, á dereita temos as nacionalidades, que non é nada, posto que a nacionalidade é a española; temos as linguas "españolas" —esto é, asimiladas—; temos a "comunidade autónoma"; temos o vocabulario proteccionista, idealista, compensatorio (fomento, especial respecto...). Logo os valores dos artigos 1, 2, 3 e 36 da Constitución, os situados á esquerda, son os valores reais e necesarios, son os valores do "pobo español". E significativo observar como no mesmo ton en que están redactados os artigos 3, apartados 2 e 3, están redactados os que se refieren aos vellos, aos nenos, aos emigrantes, á mocidade, aos minusválidos.

Por se, despois de todo isto, inda quedase algunha dúbida, imos recurrir ao artigo no que se fala craramente de alternativa autonómica, ou seña, o que lle concede a Constitución aos entes autonómicos. No artigo 148, cando se enumeran cales son as competencias dos gobernos autónomos, dise que... "al fomento del desarrollo interior de la comunidad autónoma, dentro de los objetivos marcados por la política económica nacional, la artesanía, museos, bibliotecas y conservatorios de música de interés para la comunidad autónoma... fomento de la cultura y en su caso, de la enseñanza de la lengua de la comunidad autónoma". As linguas nacionais quedan convertidas eisí en pendellos enxebrietas, culturalistas, típicos dunpobo indixenizado. A Constitución impide as posibilidades de que un goberno autónomo, por vía legal, poida galeguizar de verdade o ensino. Resulta ben claro o carácter coercitivo, imperialista do funcionamento do sistema, que sigue sendo exactamente igual en materia económica e en materia lingüística. O funcionamento sigue partindo do suposto de que somente hai individuos, e non clases sociais, gran coincidencia co fascismo. A sinxela constatación de que existen varias linguas non significa nada; neste caso, somente legalizar unha situación diglósica e ocultar o status superior económico, social, político e cultural dunha das linguas, recurriendo a compensacións idealistas. A Constitución española non vén nin xiquer a lexitimar as forzas progresistas máis importantes que había na sociedade galega, en canto á restauración social do idioma. O que vén facer é poñer un corsé legal precisamente pra que esas forzas sociais, esas forzas lingüísticas, poidan ser mellor combatidas; ou seña, non está en función das necesidades sentidas senón que veñ coartadas, porque cuestionan na práctica a estrutura do sistema. Por outra parte, o carácter antisocial da constitución en materia lingüística, e da lexislación dela derivada, provén de que no fondo se pensa que hai linguas que son sociais, que non dependen dos individuos que as falan, que son realidades de por sí, presupostos incuestionables e irrenunciáveis, e que outras son pendellos, maneiras de ser, de comportarse determinados individuos residuais. Hai que "respetalas", pero non as hai que legalizar con todos os seus dereitos. Isto non é máis que puro bioloxismo, puro naturalismo. Todo menos menos prestarlle categoría de necesidade política e social. Nembregantes todo escondido baixo demagogia compensatoria e falsedade.

Poden ou non, nenos e rapaces, intuir, maxinar un país soberano co seu "Día das Letras"? Ao millor non era f...
pero a resposta déchela cabalmente todos os que remesáchedes os vosos escritos ao concurso de A NOSA TER...

Alédanos e é ben significativo ollar esa seguridade, ese entusiasmo dos vosos relatos e tamén o contraste
coa situación presente, ese Parque zoolóxico en Xove (como nos conta Félix) ou eses locutores falando un gale
moi millorado (como ben explica Carmen).

Noraboa, gracias a todos e como comprenderedes non temos espacio pra publicar senón os que coidamos má
atinados, que son, asemade, ben diferente nalgunhas cousas. Un bon homenaxe
dos rapaces e rapazas galegos ao futuro.

O DIA DAS LETRAS NUNHA GALICIA CEIBE

NUNHA ESPERANZA

Din unha volta e ollei cara o reló. ¡Ainda
as oito menos dez!
—Uf, que calor fai...

Estaba almorzando, cando escoitei aos
gaiteros que viñan tocando as alboradas,
non lles prestei moita atención porque
trataba de aprender os derradeiros versos
dun poema de Rosalía que me tocara ler nun

acto que organiza o colexio por sere hoxe o
Día das Letras Galegas.

Todas as escolas organizan actos pra hoxe
nos que os alumnos representan obras de
teatro, leen versos, cantan, etc., e celébrase
así este día, lembrando aos escritores e
patriarcas das letras galegas.

Pola tarde non se traballa, nin hai escola,
e así, pódese asistir ás celebracións e
adicarlle plenamente este día á cultura
galega.

Nós, coma moitísima xente, imos ir a
Santiago a visitar a tumba de Castelao, e
despois ir ao acto Nacional das Letras
Galegas, onde será representada a obra de
teatro "Os vellos non deben de namorarse".

Saín da casa e empecei a correr, xa era
algo tarde e eu era un dos primeiros en
actuar. Cando pasaba pola praza vin un
cartel xa vello e gastado, daqueles nos que se
pedía a oficialización do idioma, botei unha
sonrisa e coidei: Non foi fácil... Seguín
apurando, dos balcóns colgaban as bandeiras
populares galegas; os xornais traen na
portada testos e frases pra conmemorar este
día, con fotos de Castelao, ou Rosalía, ou
Curros, ou... Todos aqueles que fixeron que
a literagura galega rexurdira, se conocera,
fora espallada. Tamén traen outras noticias,
como a volta do último emigrante, que inda
non podía creer que volvera á súa terra e
xamais salería dela obrigado a ir buscar o
pan; a de que en Xove xa se rematara o
parque zoolóxico, ou que o goberno galego
por fin, despois de dous anos, fora
recoñecido polos ianquis...

Por fin cheguei, entrei aos vestuarios
onde agardaría hastra que me tocase o turno,
e o Antón, o mestre que dirixía, me mandara
sair. No escenario estaba o Andrés lendo un
anaco dunha obra de Manuel María. Aínda
recordaba cando cheguei por primeira vez á
clase; o mestre iba preguntando o nome, no
que traballaba o pai, etc. Un decía:
chámome Manolo e o meu pai traballa na
cooperativa, son Xan e o pai e labrego, eu
son Toño e o mei pai traballa nunha fábrica;
e así hasta que lle chegou o turno ao Andrés:

—E tí, ¿cómo te chamas?; e il todo
roxíño, coa voz moi baixa chea de vergonza
comenzou a falare: "Yo... bueno es que...
me llamo Andrés y mi padre es Don
Alfredo". Xa non puido seguir porque as
nosas risotadas non o deixaban, non sabía
falar o galego, o rapaz seguía todo cohibido
e coa cabeza baixa, non se atrevía a mirar
pra ninguén. Entón Xavier, o mestre,
berrounos e fíxonos calar, chamouno pra
diante e díxolle que non se preocupara que
despois de clase quedariase un anaco pra
aprender o galego.

Bueno, xa remateu, tocábame a mi
cando subía ao escenario cruceime co
Andrés, díxome: ¿Fíxeno ben, lin ben? S
claro, moi ben, coído que eu non o fare
millor.

O salón de actos estaba cheo, alumnos
pais, mestres, as paredes estaban cheas de
murales que lembraban a data, e unha
enorme bandeira galega presidía no escen
rio.

Rematamos de xantar moi cedo porque
íbamos a Santiago, onde chegamos ás catro
media; o ambiente nas ruas era de festa
gaiteros, postos de venda de libros, mozos
mozas bailando muiñeiras. Collimos
camiño cara onde estaba o panteón de
Castelao, ás aforas, fumos entrando dispa
ño, en silencio, fora un coro cantaba
cancións populares, por riba da tumba
podíase ler: "Galiza non deixará de loita
pola súa liberdade hasta que a conquira".
Estaban dixendo milleiros de personas que
depositaban ramos con inscricións: "O
obreiros de..." "Os estudantes de..." "O
labregos da comarca..." "Os compañei
nacionalistas..."

Moi perto de alí estaban tamén
monumento aos que caíran loitando po
liberdade de Galicia, pero non dem
chegado, porque era tanta a xente que no
foi imposible.

Chegamos ao recinto onde sería represen
tada a obra de teatro "Os vellos non debe
de namorarse", inda que o acto
retransmitido en directo pola Televisión
Galega e todas as emisoras de radio, o lug
estaba cheo.

Antes de comenar o acto, o Presiden
do Goberno Popular Galego dirixiu unha
verbas a todo o pobo galego, lembrando
mártires galegos e ao pobo que loitou p
conseguire que este día fose como se está
desenrolando, rematou agradecendo a p
sencia de representantes dos pobos
Península.

Xa voltabamos pra casa, fora un d
agotador, moi movido, pero no que qued
de manifesto a importancia do idioma,
cultura dun pobo, unha cousa que debe se
respetada e que o pobo debe facer todo
posible pra que así sexa.

— ¡He, Lolo, Lolo desperta que xa é ta
non vas chegar!

—Que... Ah! quedeime dormido...
Non era verdade, todo fora un soño, po
un momento coidei que era certo; sí, hoxe
o día das Letras Galegas, pero será mo
distinto do meu soño...

Comencei a almorzar, escoitaba unha
musiquiña ao lonxe e ¿cecais unhas albor
das? Cecaís unha esperanza, pero a loita
empeza senón que continúa...

FELIX RODRIGUEZ ANSIA
(Octavo EXB. Colexio "Alfonso
el Sabio". A Ponte. Ourense)



PA/I

Xove 1979

ODE AO IDIOMA

Igual que neste sol que me envolve en luz,
igual que nesta terra que me sostén,
eu creo nas palabras, tanto
como nas maos con que amaso a vida.

O pobo cos seus labios florece en min;
aínda non soñaba ningunha nai
con dar-me á brisa e xa mil anos
longos correran despois da hora

sublime en que en Galicia manóu a voz
labrega e mariñeira que en certo val
ao pé do berce me deixaron
retransmitida amorosamente.


Esplendes como os días, idioma meu!
Diadema impar e intáctil do inmenso ar,
brun fronte meus pais rozando
o corazón contra as arduas cousas.

De ti dubide ignaro quen pense que
ociosas panzas foron nun pazo mol
a túa forxa e non activos
peitos e brazos a ceo aberto.


O sangue nunca minto, nin minto o suor,
e nos teus sons apálpase o ardor fabril
de redes e legós ligados
nunha experiencia comunitaria

Eu, fiel á mesma clase que nos forxóu,
non te hei de usar en vacuas cancións, senón
nun hino aos meus e a min, nun hino
que se axigante incansablemente.

Empece, xubiloso! Oh idioma, tu
prosigue a iluminárenos o porvir
voando sobre a antiga patria
astro sonoro a través dos lustros!



"Somente o idioma alemán, entre os modernos, ten conseguido reproducir en parte estes ritmos e estas estrofas antigas. No presente caso, o posible éxito non é meu, senón da riqueza e do rigor acentual do noso idioma" remachaba Emiliano Picouto ao nos anunciar que, por primeira vez, o idioma galego acollía versos de metro helénico pra desfiar este ODE AO IDIOMA.



PRIMIUSE O "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

Queridísimo compañeiro e amigo:
Anda que supoño que seguirás todo o relativo á nosa patria cun fondo interés, mien sei que nesa illa a información non debe ser moi completa (ou ao menos a que ti quixeras). Esa é a maior razón pola que decidín escribirche esta longa carta sobre o que pasa por aquí.

Polos periódicos xa saberás que temos un brillante goberno galego, unha lingua oficial, uns medios de comunicación plenamente modernos e moitas máis cousas. Suliño esto non porque sexa o máis importante, senón porque o noso país ipor fin! está gobernado dun xeito galego e popular.

Bon, desto xa terás noticias dabondo; pero vouche contar un dos últimos sucesos. Suprimíuse o Día das Letras Galegas. Estránaste ¿non? Non, a cousa é doada. Explicáreche:

Seguro que lembras os nosos tempos. Era o día dos concursos literarios, o día que se honraban coroas de froles aos pés das estatuas dos esgrevios personaxes da nosa literatura; o día en que a xente "culto" usaba o galego, a lingua gardada o resto do ano entre a alfalina; o día de bailar muiñeiras e, tamén, de cavilar arreo na situación do galego, considerada desde o punto de vista das minorías elitistas que quixeron conservar o galego como peza de museo.

Ao principio creímos neste, pensamos que iba cara os nosos ideais; pouco tempo despois foi necesario para que nos decatásemos da falta de vitalización dese día, do día típico entre os 364 normais de asoballamento cultural (e máis do outro), de lenta e pesada laboura para poñer a cultura nunha pompa de cristal cultural e colocala por enriba de nós, sen deixala baixar xunto á xente. Lémbraste, verdade?

Claro que tamén tiña cousas que acordo con alegría, unha delas era o seu carácter

reivindicativo. Naquel momento facíanos falla ter un día no que reclamar os nosos dereitos; no que poder berrar, tanto o permitido pola autoridade como un pouco máis, e non me podes negar que como berrar berrábase ben.

Pero o certo é que esto é pasado, temos que contalo en pretérito. Hoxe, o presente é outra cousa. Sacáronnos este Día porque non facía falla; porque temos xa 365 días ao ano para nós, porque a nosa literatura sigue canles normais e porque as froles pódense poñer calquera día da primavera.

Tamén che direi, falando de letras, antes de que me esqueza, que no televexo (que sigue sendo o que máis chega ás vilas) estase poñendo ás 10 un ciclo de literatura galega que está tendo unha repercusión impresionante; por certo que a fala dos presentadores millorou un bastante tirando a moito.

Hai pouco puñeron "Os vellos non deben de namorarse", varias de autores vivos e un recital de poesía fabuloso. Saberás que aparte dos poetas que xa imaxinas o que máis gostou (estou falando de enquisas a nivel popular) foron as cantigas galego-portuguesas, sobre todo as de amigo e as de escarnio. ¿Non está ben?

Sen ser xa de letras, che aseguro que todo o relativo ao noso país nin se coñece; non che conto máis porque sería demasiado longo e non é bó tanto xunto.

E fermoso saír á rua e notar o cambio, como pensa e como fala a xente, e o que pouco a pouco se vai facendo aquí. Tés que vir nas vacacións, por carta as cousas non son iguais, é preciso que vexas todo isto.

Cóntame de por aí. Moitos saudos para todos e unha forte aperta de

Ma. CARMEN FERNANDEZ
PEREZ-SAN JULIAN
Estudiante do Instituto "Eusebio
da Guarda" de A Coruña

Fala do caciquismo antergo, arelando poder máis que diñeiro, ao que lle adicou un que outro poemiña coxuntural, "os partidos liberal e conservador despregaban un estado maior de caciques impresionante", e do de agora "dispar, coetáneo das multinacionais, económico"; de que Galicia hai tempo que é feminista; que se "Cobreiros" non vén de cobre senón de "cuplarios", parella, "que daí ven copla, de versos pareados", ou que A Golada tén de ser Agolada porque é Aqualata. Pode contar como saiu Mourullo cara América polas filas de fuga da masonería portuguesa simultaneándoo con definicións variopintas sobre cultura e civilizacións. E o gran contador da nosa Literatura, **respetoso** co pobo e sentimentalmente galeguista.

"Non é que non me goste a política, pero..."

ANXEL FOLE

Un narrador a pelo

Eu són un aristócrata. Meu pai chamábase Reinaldo Fole Quiroga, miña abuela Jacoba Quiroga Sangro, miña bisabuela Sangro Taboada, meu bisabuelo Juan Quiroga de Temes... son apelidos aristócratas por parte de pai. Eran propietarios por exemplo da torre de Arcos en Chantada, da de Osili en Buralla... meu bisabuelo, —que era un personaxe moi curioso, deputado ás Constituintes por Lugo no 69 e está retratado en Baiona cando está fuxido porque era do grupo de Topete e Prim—, tiña un pazo no Carballiño, outro na Peroxa, outro en Padrón, a Casa de Otero en Quiroga, unha das poucas que quedan na miña familia... Tópome ben coa xente de Quiroga, é moi respetosa, como din eles; esa paisaxe con fondura como a de alí que empurra á melancolía. A suprema categoría estética pra min é a paisaxe. Sí señor. Atraíame moito o popular porque sin o pueblo non é nada (o outro día decía o presidente de Panamá que os pueblos son todos simpáticos, ¿era simpático o pueblo alemán cando seguía a Hitler en apretadas filas? ou cando en manifestación se berraba: "¡uno, dos y tres Toledo nuestro es!", non tiña nada de grato, era un populacho despreciable). Boeno, eu describo ao pobo galego sinxelamente, tal como me topei dentro del, falo do pobo campesiño, que tén muita tradición literaria. De vez en cando aparecen uns tipos estupendos, o tipo reflexivo que medita muito as cousas; acórdome dun vello que me decía que a millor palabra está por



XURXO FERNÁNDEZ

Pepe. Tiña unha ama de chaves que se chamaba dona Ramona, e cando lle veu a de morrer, todas as beatas, así con muita curiosidade, preguntáronlle ¿e cómo morreu don Pepito? e a ama: pois morreulle como un santo, cando lle trouxeron os divinos dixo "esto se jodió" y entregó su alma a Dios.

A DISOCIACION ACADEMIA/POBO

A Festa das Letras vaixe esquencendo, esquencendo e queda un bolo na cabeza, pero bueno, tén significación e coído que foi unha iniciativa atinada de Vicente Risco e claro, esa disociación entre o que celebra a Academia e o que se fai socialmente é lóxica, inda que por este ano a Academia elixiu ben, porque Manuel Antonio é unha figura moi interesante. Era moi alto, foi mariñeiro en barcos de vela —facíao o pior quepodía porque era tuberculoso crónico— e a súa poesía tén interés, o ultraísmo, o imaxinismo. Pero o do idioma está ben, eu non creo como Alonso Montero que esteña en trance de desaparición; sufriu un empurrón tremendo, inda que perdeu calidade, ás veces parece un fardo, un **bilínguo**, que lle chamo eu, deturpado polo castelán, furiosamente confuso e babelico, si, da torre de Babel. Pero eso non tén que ver e recuperouse a vixencia. A descomposición do galego aplazouse, penso eu, polo menos por un século. No tempo da República, e con deputados galeguistas, eramos moi poucos os que o falábamos. Despois da fundación de Galaxia xa fomos máis, (recórdome que no ano 45, o día de Galicia, tivemos unha reunión en Coruxo, na casa de Del Riego, e acordamos facer unha revista e unha editorial en canto se poidera), falabamolo nas casas de García Sabell, de Dieste, de Somoza, o director de Conxo... Eu era partidario de reconstruír o PG, ao que pertencín, xa antes das eleccións do 77, pero non me fixeron caso, porque o éxito tamén de Felipe González foi reconstruír o antigo partido socialista e tivo un éxito fácil, e penso que agora a fórmula era volver a empezar sin ter presa...

O REALISMO, A GRAN LITERATURA

Unha das cousas que máis me satisface é a narración breve, o conto, que pra min é o conto contado, e os poemas. Son incapaz de ler unha novela larga, eso que lin muitas, hastra aquela de Thomas Mann "La montaña mágica", que é un latón espantoso, inda que a novela é a gran literatura social iqué se vai comparar a Dostoiévski. Nada! ; porque o que non é realismo casi non é nada, hasta Freud sacou os nomes de "complexo de Edipo", "complexo de Electra" das novelas de Dostoiévski. E o novelista do subterráneo. Hai un realismo eterno e máis un realismo interno, como o da alma do home, que tamén é realismo. A Literatura puramente fantástica é un fracaso, outra cousa é a imaxinación disciplinada pola realidade ¿verda? encaixada na realidade. Sobre a nosa Literatura teño ideas moi propias. Non son entusiasta

A CONTRASEÑA

Eu tiña un amigo que era abogado e exercía de procurador, que lle chamaban Constantino Rodríguez. O pai, don Constante, era fotógrafo xudicial e si aparecía un morto por un atropello tiña a obriga de ir cunha máquina —iba o fillo por el—, tirar a foto e levala ao xuzgado. Entón eu daba clases na academia "Academus" e ao saír, á unha, íbame prá casa do meu amigo. ¿Qué tal, cómo che vai, imos tomar un vaso de viño —tamén era galeguista— imos tomar un vaso de viño alí á Ronda? Pois vamos. Imos logo. Un día chegou e dixo: é que hoxe apareceu un morto nun camiño e teño que sacar a foto. E fomos ao depósito do cementerio antigo, que estaba alí na Avenida de Ramón Ferreiro. Chegamos a ver o morto. Acórdome ben. Era un home duns 40 anos, xa non era novo. Levaba unha zamarra, e era en pleno vao, e unhas alpargatas. A zamarra tiña así briznas de, fronzas, como din no Caurel, de herba. Se coñece que estivo abrigado nunha paleira. Era moi moreno. Tiña un balazo espantoso que lle fracasaba todo o oso temporal. Outro taladráballe o frontal. Iballe sacar a foto, collílle a mao e un tiro taladráballe a palma da mao ; mira aquel balazo! Bueno coño, quen será, quen non será. Despois soupen del, paréceme que era de Cervantes, solprendérono, tiroteáronno, digo, prendérono e matárono alí na Ronda.

Ao día seguinte fun dar clases e á casa de Constantino Rodríguez. O pai era un gran tipo, porque na manifestación do Primeiro de Maio este señor sacara fotos e ao principio do Movemento viñeran buscalas —"aquí está este fulano, este ya lo prendimos, este fulano lo hemos cogido, éste ya está dando hierba, éste, fíjate en éste"... —e por elas sacaban e iban prender á xente. E o bon do fotógrafo, que se chamaba don Constante, dixo: queimeinas todas, estorbábanme.

Ben, ao día seguinte había outro morto. Entón vin un rapazolo así de mala pinta, de 28 ou 30 anos. Levaba un mono de albañil branco, con cal. Era rubio —parece que me acordo—. Tamén levaba alpargatas. Bueno, uns tiros espantosos, un que lle levaba o ollo, despois un que lle barrera a orella... collílle a mao: outro que lle taladraba a mao "esto parece unha contraseña". E era una contraseña pra que non fixeran investigacións... Aos poucos días pechouse a Academia, o "Pueblo Gallego" incautouse del o Movemento, EFE deixou de existir, quedeime na calle sen nada. Eu, estaba parando despois nunha casa que había tres leiteiras que viñan por distintos sitios, unha casa que collían moitos hóspedes. E viñan hoxe: apareceron tres mortos en Rabeiro. Viña outra: na Fervedeira apareceu un morto. Viña outra "apareceu un morto..."

decir. ¡Un compendio de sabiduría labrega! ; parecía un Patricio, era o único da aldea que prestaba diñeiro a réditos sin documentos, por palabra, e despois perdónaba os réditos... fago Literatura de documento e sempre me basei na realidade.

O GALEGUISMO CHAMA AOS MILLORES

O galeguismo lévoa dende neno, creo que oíndo cantar ao Orfeón Gallego e á Banda Municipal tocar, por exemplo, Negra Sombra e os pasodobles de Xesús Rodríguez; a poesía de Rosalía, despois a de Pondal que nos gustaba moito aos galegos que estabamos en Castela, e a de Cabanillas. Sentínme dúas veces galego fora de Galicia. En Santiago xa se respiraba galeguismo por todas partes e en min foi unha cousa moi natural, indefinido, sin mo formular explícitamente, pero quería ser galego cabal. Son máis ben un galeguista intelectual, culturalista e minoritario. A posición nosa, dos galeguistas puros é moi rara, comprometida e confusa porque, mire vostede, en gran parte resultou un tremendo fracaso xa que inda non estaba maduro e veu aquel aluvión de cousas políticas e iclaro! . O galeguismo é unha tradición, sin ela non hai cultura, unha tradición que polo xeral chama aos millores a esa é a gran victoria. O meu discurso pra Academia tituleino así: "Castelao e a tradición galeguista". Castelao, calqueira chiste del era monumental, trateino, contaba chistes moi bons, como o do irmao de Victoriano García Martín que era médico en Rianxo,

deso que chaman "nova narrativa", parece-me mimético eso de coller unha cousa de Robbe Grillet e facer combinacións. Na lírica tamén hai moito mimetismo, apareceron moitos Nerudas de segunda e terceira fila; despois hai os añorantes, os que están anclados nos tempos de "Ronsel", naqueles tempos de Evaristo Correa Calderón... había unhas figuras moi curiosas na Literatura galega, le non eran tres ou catro! Eu teño gran pereza en releerme, é como un gran temor e casi nunca me acordo do que escribín. "A lus do Candil" escribino nunha cociña de ferro, despois de que se marchaban todos de ceax; aínda non había lus eléctrica naquela casa de Veiguiña, en Quiroga. A "Terra Brava" tamén o escribín dun empuxón casi. Nunca volví reledo. Gústame meditar as cousas e así que as teño saénme, penso un asunto por aquí, por alá, despois sae algo que me chama a atención e despértame outra que xa pensara. Nise aspecto son moi introvertido.

OS TOPONIMOS

A batalla do idioma, a batalla dos topónimos están ben, si señor, aquí en Lugo a plaza de España é a plaza Maior e debe prevalecer o nome tradicional, Batitales, a que hoxe é Dr. Castro, que uns din que si "bautizates" porque era de xudeus e eso é un disparate. E ben fácil. Ten unha síncopa: Bati-me-ales, Batitales... ou nomes enxebres coma o de María Castaña ou María Castañeda, que se ergueu contra o Bispo porque non querían pagar... noutro sitio calquera a Pepa a Loba, que non se sabe de onde era... un pintor tan notable coma Serafín Avendaño, do que fixo Seoane unha monografía... valores hai moitos, si señor...

"ROMANZA SENTIMENTAL"

Ben, eu escribín unha obra de teatro que se chama "Pauto do demo" que foi pensada pró cine porque tén moitos personaxes e claro, leida tén moita gracia polos chistes e tal, pero como teatro é un fracaso porque tén moitos personaxes pra un teatro incipiente; pero gústame eso do cine, teño dúas películas de dous contos, "O Documento" e "O Cadaleito", anque inda non logrei ver ningunha, pero o cine galego é inda de infancia. Estou a pensar nun cine verdadeiro, por exemplo unha película dun axudante de Sergei Eisenstein á que este lle deu o visto bon e dirixiu en grandes liñas, "Romanza sentimental". Eu dixen "este é o gran camiño do cine". Era unha película puramente lírica —non podía coallar en Rusia aquel cine porque non tiña nada de propaganda—, que non tén asunto, moi curiosa a película esa, empeza en outono. Está chovendo, chove, chove nun parque moi bonito, está chovendo, e chover e mais chover, e están dous, tres minutos chove que chove —un bárbaro berrou dende general: ¡estamos de auga hastra os collós! — sigue chovendo, chovendo e aparece unha estancia dunha casa rusa moi luxosa, desas casas zaristas, cun ventanal



XURXO FERNANDEZ

grandísimo que dá sobre o campo, o río ¿verdá? Bueno, entón aparece un piano de cola, un piano Pleyel e un galgo que atravesa a habitación... raas... todo en silencio. Ven unha rapaza vestida de branco e ponse a tocar o piano: unha romanza sentimental. Era unha música de Arkanjevski. A canción era moi bonita, e está así. Pois ben, logo vén o inverno e no inverno sácalle o cameraman un partido bárbaro á visión do lume nunha chimenea de marbre, a cámara acércase a unhas línguas de fogo... brrrrrrrrrr... palpita o lume. A señora aquela canta unha canción máis triste, e o galgo, un galgo preguizoso, pon as maos enriba do piano e quédase mirando. Neva e volve a nevar. E chega a primavera e na primavera sae a estatua do "beso" de Rodín e reventan frores nas árbores frutales: unha, outra, outra máis. Entón animase a rapaza, sorrí e toca no piano unha canción máis alegre. Eso é a película, non é máis que eso, e dixen: vaia, que gran camiño ten iste cine. Pero non prosperou, senón ese cine da puñeta, dos ovnis, ese sacacartos.

OS GALEGOS, GALEGOS E OS OPORTUNISTAS

¿A galeguización da sociedade? si, é o símbolo do tempo e o gran vehículo da galegitude eu creo que é o idioma e a música. E aquí, en confianza, aos comunistas ao primeiro o galeguismo importáballes pouco, e o idioma empezaron a utilizalo cando viron que se impoñía, bueno, había outro comunista que era galego e ese non, non foi oportunista. O oportunismo de hoxe, mesmo na dereita, é un bon síntoma porque quere decir que o galego se impón, porque dentro de Galicia é unha cousa nacional. Eso é o que digo eu ¿non? estarei trabucado pero coído que é así, non teñen máis remedio que aceptalo, nacionalizouse. Si señor, a fala, como decía Castela, o millor tesouro. E outra cousa que ten o galego é o humorismo, Castela, Julio Camba que era un gran humorista galego anque escribía en castelán. Este ten unha anécdota estupenda. Escribía no Sol. Estaba no café "Español" en Santiago, aló polo 17, decían que era moi folgazán: "Julio, hombre por Dios, escribe ese artículo para "El Sol"... Entón bostezaba alí no diván e decía: "Mira, chico, es que hay años en que uno no está para nada".

MARGARITA LEDO ANDION




XURXO FERNANDEZ

Manuel Antonio e máis o dibuxante Alvaro Cebreiro facían público, no 1922, o seu Manifesto "¡Máis alá!". O seu progresismo, o sentimento radicalmente galego do "Manifesto", a crítica ao reaccionarismo artístico, ao intelectualismo academicista, mistificador e encubridor da realidade, ao mimetismo alleante, non terían hoxe máis importancia que a da referencia histórica se Manuel Antonio e Cebreiro non ousaran, no 1922, opinar barilmente sobre cuestións nacionais como a fala e arrenegar da españolización ou do híbrido bilingüista.

A escolma de textos do "¡Máis alá!" que imos reproducir, coidamos amosan o espírito do Manifesto. Neste mesmo número de A NOSA TERRA (páxina 22) publicamos, asemade, unhas reseña sobre Manuel Antonio e a súa obra poética.

A FALA NO "¡MAIS ALÁ!"



"Non nos erguemos do xeito que o fan a maioría dos que noutras terras publican manifestos máis ou menos literarios.

Case todos eles tencionan arrecadar adeptos para algún novo "ismo" que aparece querendo ser a derradeira verba da moderna estética, cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un snobismo operetesco invade a Literatura.

Nos tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implabel contra os vellos."

"Comenzaremos invocando a Valle-Inclán.

Maestre: chamámoslle maestre por ser vostede o maestro da xuventude imbécil de Galicia. Noso, non; que, endebén, sabemos comparar a súa modernidade coa cobardía do débil que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións ao forte.

Tamén nós temos, inda que noutro orde, os nosos imperativos, e comenzamos pola máis agresiva intransixencia na fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sofrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete uchas concéntricas, terá que

ser unha fala de inmejorable posibilidades, porque o seu estado ceibe permitirálle axeitarse a todas as novidades...

Pero hai aínda unha razóns de orde supremo: a nosa fala é nosa. Pospela a outra calqueira é unha forma de suicidio. (...) Algún deses escritores híbridos, bilingües queremos dicir, que fai da literatura algo así como un deporte que favorece a dixestión, arrecada o galego cada vez que quer dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán para cando coidan ("eles") que están en razón. A maximidade da devoción que temos pola nosa Fala, pódelle dar a medida do desprecio que sentimos por eles.

¡Mocidade!

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir.

Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adornarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándovos nun altar de Mitos e Fracasos.

Compre romper a marcha pola mesma estrada que façamos cos nosos pasos, e afrontar nela unha pelegrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agarda unha voz que nos berra: ¡Máis alá!".

A NOSA TERRA

UN SO ENSINO NUNHA LINGUA SO

M. PILAR GARCIA NEGRO



"trascendental" do español segue quedando a salvo (2). Naquel decreto do ano 75, xa se falaba de incorporar as linguas non oficiais do Estado Español ao ensino, en plan experimental, e recoñecíase o dereito a seren usadas nos medios de difusión e "especialmente, en los actos y reuniones de carácter cultural".

A política española oficial —non o perdamos de vista— segue polo mesmo vieiro, mais agora tratando de facer ver que os problemas dos que se reclama a solución xa non son tales problemas, xa non existen e, ademais, veleiquí a democracia ("la democracia ha venido, nadie sabe como ha sido") para nolo solucionar todo. Pois ben, os representantes desta mesma política española e coloxial ataca agora con novas armas, arbitrando, por exemplo, medidas legais como o que será, a non tardar moito, Decreto "por el que se incorpora la lengua gallega a la enseñanza en Galicia" (hoxe, contraproxecto da Xunta). Suliñemos só o denigrante que resulta ver trata a nosa lingua como unha lingua estranxeira, permitiéndolle a entrada, de favor, pola "porta de servicio", nun ensino que se prevé igualmente español e asimilista.

Así as cousas, asistimos últimamente tamén a un movemento editorial relativamente grande, no que aparecen publicados textos no noso idioma para distintos degraus do ensino. Alguns deles, como o que pasamos a comentar agora, hai que os enmarcar nesta tentativa de galeguizar exteriormente a fachada, mentras os contidos se ceixan intactos e, por riba, mistifícase, terxivérsase a situación problemática na que vive a nosa lingua, dáse carta de naturalidade a fenómenos que son produto dunha opresión, dunha dominación, e enfin, íllase a cuestión nos estreitos límites da mesma lingua, límites que, evidentemente, compres traspasar para termos unha explicación satisfactoria do problema.

O libro que nos ha de servir de pretesto para explicarmos a nosa alternativa titúlase: "El lenguaje en la educación preescolar y ciclo preparatorio (1 y 2 de EGB). Gallego-castellano" (3). O libro, que como se ve da nota, non pode ser portavoz máis autorizado da política ministerial ao respecto, está dividido en dúas partes. A parte I titúlase: "Orientacións pro ensino do galego nos niveis de preescolar, primeiro e segundo de E. X. B."; a parte II: "Orientacións para la enseñanza del gallego en los niveles de preescolar, primero y segundo de E. G. B.". Non é unha broma e a comprobación podea facer calquera. O mesmo texto, os mesmos contidos, primeiro en galego e, despois, en español. Primeiro, en lingua nai e a continuación en lingua pai, que diría Manuel María. Non imos falar xa do estrago de papel que supón semellante composición. Imonos fixar noutra cousa: ¿a que obedece esta redacción bilingüe simultánea? En boa lóxica, habería que pensar que o noso propio idioma non é descoñecido a nós, galegos, e que precisamos da traducción auxiliar do español para nos valer do texto. A realidade, porén, é moi outra: o noso idioma é maioritario no país, próximo a todas

contacto", senón en conflito e os límites entre todas esas nocions que os autores demostran non ter dixerido en absoluto (e entón, quedar en palabraría va) están moi claros se enfrentamos os problemas da lingua dentro do propio contesto e, por suposto, non os isolando do resto dos problemas —sociais, económicos, políticos— da nosa nación.

Que o galego é idioma próximo e familiar aínda nas zonas do país máis españolizadas demostra o feito dos numerosos galeguismos "espetados" no español falado nestas zonas. Estas chamadas "interferencias" polos libros de texto do colonizador (estudadas co propósito de, coñecendoas, poder falar mellor o español) demostra que, desde un punto de vista afectivo, expresivo, aínda os galegos español-falantes necesitan acudir á súa lingua. Por exemplo: ¿quén non di dun neno que é moi riquiño (decir "majo" ou algo parecido denuncia inmediatamente a vontade separatista do falante), cuántas veces non se fala en español do *colo*, en cuántas ocasións non se dirá que "no lo da hecho", cuántas veces non se despide a xente decindo "hasta luegoño" cuántas veces ouvimos "te es bien difícil", "le es un compromiso", "te fui allí y lo pasé bárbaro"...? O etcétera sería moi longo e non temos espácio para facer un percorrido por todos estes recursos do noso idioma que mesmo o español-falante necesita usar en determinados momentos ou, simplemente, non dá evitado.

Insistimos: todo isto demostra a proximidade do noso idioma até en sectores español-falantes. Do que deducimos o falso, o antigalego do argumento que defende o uso do español como medio de se entender entre galegos español-falantes. Hoxe, é perfectamente viábel un ensino en galego para alumnos español-falantes e non só é viábel senón necesario se de verdade queremos unha auténtica recuperación do noso idioma e a reintegración do noso idioma nel. Rexeitemos, pois, toda alternativa (cooficialidade) que pretenda consagrar o bilingüismo na nosa nación, xa que isto supón reforzar o estado de inferioridade e de opresión para a nosa lingua. Se o noso obxectivo é a normalización da lingua, reclamemos este 17 de Maio, DIA DAS LETRAS GALEGAS, a oficialización da nosa lingua.

Proponémonos demostrar a viabilidade dun ensino galego, realmente acorde, nos seus contidos e na súa forma, coas necesidades que temos neste campo. Moitas cousas teñen cambiado no mundo do ensino pola presión e a actuación consecvente de ensinantes empeñados na construción dunha alternativa de escola descolonizadora. O intento ten especial importancia se atendemos ao papel relevante que xoga o ensino nun país colonizado, como "correa de transmisión" de ideoloxía e do sistema de valores do colonizador. O ensino é o principal encargado (xunto cos medios de comunicación) de cumprir este cometido. Mais os intentos asimilistas variaron, co paso do tempo e co cambio externo do réxime, orientado a "calear a fachada" e homologarse ás democracias burguesas europeas. Por isto, os métodos empregados hoxe caracterízanse por seren menos claros, máis confusionistas e por recoñeceren nominalmente unha problemática que no fondo nunca se pretende solucionar.

En 1939, por exemplo, nun periódico español decía o seguinte: "Ha de mantenerse la unidad lingüística como un instrumento de poder, seguro, como Nebrija decía con razón, de que la lengua es compañera del Imperio" (suliñados nosos). Veleiquí temos a concepción imperialista do papel da lingua espresado sen ningún tipo de disfraces nen retóricas. Durante moitos anos padecemos unha política de aberta hostilidade anti-galega. A nosa lingua era un dialecto (1), eran os tempos de "no sea usted bárbaro, hable español, la lengua de Cervantes", etc. Pero nestes últimos anos asistimos a unha certa permisividade, a unha certa tolerancia en materia de lingua, que se traduciu, xa no franquismo, nun Decreto (de Outono do 75), polo que se regulaba "el uso de las lenguas regionales españolas" e que tiña como criterio inspirador "respetar y amparar el cultivo de las lenguas regionales, dejando a salvo la importancia trascendental del idioma castellano como lengua oficial" (quen pense que se deron grandes avances na legislación española actual sobre o tema non terá máis que ler os textos correspondentes da Constitución para se decatarse de que eses "avances" foron unicamente na terminoloxía, poisque o papel

(1) Véxase aínda a definición recollida por Julio Casares, no seu *Diccionario ideológico*, edición de 1971; como última acepción da voz "gallego" figura: "dialecto hablado por los gallegos", fronte ás definicións do catalán: "lengua hablada por los habitantes del antiguo Principado" e do vasco: "dicese de la lengua hablada por parte de los naturales de las provincias vascogadas".

(2) Remítome á análise definitiva sobre a filosofía do texto constitucional feita por Francisco Rodríguez neste suplemento.

(3) *El lenguaje en la Educación Preescolar y Ciclo Preparatorio. Gallego-Castellano*. Estudios y experiencias educativas. Serie Preescolar, n. 7. Servicio de Planes de Estudio y Orientación y Gabinete de Educación Preescolar de la Subdirección General de Ordenación Educativa. Madrid, 1979.

clases sociais e, desde logo, entendida mesmo nos sectores máis fortemente españolizados. Hai que pensar noutras intencións, intencións que a ambigüedad dos autores se encarga de facernos ver, xa no Limiar, cando din: "Prá elaboración desde documento de traballo pártese da situación sociolingüística de Galicia, onde por existir dúas linguas en contacto, é difícil precisa—los límites entre bilingüismo, falso bilingüismo, monolingüismo e/ ou diglosia". Pero o certo é que o galego e o español non están "en

PAISES CATALANS

Convivencia antinacionalista

EMILIO VEIGA

Coma un xarro de auga fría caíu en estos circus a decisión de lle dar prioridade á solución do problema basco denantes de pensar na aprobación dos Estatutos, e concretamente no Estatuto de Catalunya. Esta decisión interprétase como un intento de demorar indefinidamente a concesión da autonomía pra Catalunya, prolongando a situación do País Basco, nunha especie de chantaxe pra o resto das nacións. Esta nova, que chegou despois de estar en Barcelona o Ministro de Administración Territorial, sr. Fontán, vén sementar o desconcerto, pois este ministro tivo palabras de ánimo de cara ao proceso autonómico catalán. Xa daquela, o sr. Fontán amosara o seu desconocemento total do texto do Estatuto elaborado polos parlamentarios cataláns e presentando no Parlamento español.

Se é que esta liña política se confirma, vai haber problemas de relacións entre os partidos políticos que conforman o actual Consell Executiu de la Generalitat. Falta ver cal vai ser agora a reacción e as xustificacións que dea o President Tarradellas. Craro que tamén se pensa que ao mellor é unha manobra política de tanteo; asegún esta teoría, a intención de demorar a solución do Estatuto de Catalunya deica a solución do problema basco non sería máis que unha ameaza que despois se retiraría en troques dalgúns recortes no proxecto.

CONVIVENCIA ANTINACIONALISTA

Por outra banda, o pintor Viusa, acusado polas autoridades españolas de ser a persoa que compraba as armas en Suíza pra o suposto "Exército Popular Catalán", era xulgado en Francia o día 9 pra resolver sobor da petición de estradicción formulada polo Goberno español. Con tal motivo, desplazábanse pra París unhas 220 persoas coa intención de asistiren ao xuício e lle dar apoio moral ao pintor catalán. Saíron ás sete da mañá en autocar desde Barcelona e

Lleida, chegando á fronteira da

La Junquera ás dez da mañá. Unha hora e media de papeleos na aduana española, servía pra mandar pra tras 25 persoas, entre as que se contaban todos os que estaban baixo xurisdicción militar e todos os que tiñan renovado o carnet de identidade, pero que aínda no tiñan o definitivo. "Depuradas" estas vintecinco persoas, éntrase nun proceso de comprobación de documentos na aduana francesa que dura catro horas e media, sen se dar ningunha caste de xustificacións por parte dos funcionarios. Pasadas estas catro horas e media, comunicáse-lles que os documentos están en regra, pero que non poden pasar, porque supoñería unha "intimidación" de cara ao xuez francés. Entre os presentes, Lluís María Xirinachs xustificou a súa decisión de pasar a un parlamento no que decía que a xusticia nunca debe dexarse intimidar; que a presenza de persoas diante dun xuício sempre é unha garantía pra mesma xusticia. Doutra

banda, as leis francesas din que os xuícios son sempre públicos.

Demostradas pois as contradicións desta decisión, os fun-

cionarios dixeron que eran ordes directas de París, e admitiron implícitamente que "a instancias do goberno de Madrid". Seguindo coa súa intención de pasar, estas 220 persoas, que se empezaban a poñer nerviosas, ocuparon o centro da estrada. Nun primeiro intre interveu a policía francesa, dándolles algúns golpes e retirandoos, pero ao final non houbo máis enfrontamentos deixárnos ficar nos autocares. Nacionalistas de Catalunya—Nord e do Principat, procedentes de Perpinyá e de Figueres, chegaronse deica a fronteira lefando viveres pra os compañeiros que tiñan mentes de pasala e non dispoñían de ningún alimento, pois alí, na fronteira, non hai ningunha caste de restaurante. A intención destes 220 era de ficar na fronteira deica o último minuto que lles dera tempo pra chegaren a París.

"MARXISMO" SI,
"MARXISMO" NON

Dentro do mundo político, outra noticia que vai provocar polémica e debate, que de feito xa o está provocando, é o Congreso do Partido Socialista Obrero Español, no que, como se sabe, participa unha delegación con pleno dereito do "Partit dels Socialistes de Catalunya" (PSC-PSOE). Felipe González repetiu as manifestacións que fixera hai un ano en Barcelona, no senso de que non debería constar nos Estatutos do PSOE a palabra "marxista". No resto do Estado, a petición vese acollida, polo menos por grandes sectores do partido, con malos ollos; pero eiquí, en Catalunya—Principat, aínda máis. Non hai máis que ter en conta que na definición dos Estatutos do PSC aparece a palabra "marxismo"; en declaracións recéns do seu Secretario Xeral, precisamente cando se celebrou o cen cabodano do PSOE, lembrouse a "tradicción marxista do socialismo español".

Xustifican a súa posición os abolicionistas do término en función do espectro social que debe cubrir o PSOE, e non no espectro político; pero esto cóstanos que a nivel de base está creando grandes problemas e discusións. Craro que a auga non chegará ao río, e se hai que deixar de ser marxistas, se o din os xefes, acabará o PSOE quitando a denominación de "marxista".

EUSKADI

Ao fondo, o PNV

MAIALDE

En tanto que se vai retrasando a creación do novo CGV, por r mor da falla de decretos do goberno, os parlamentarios de Herri Batasuna, despois de teren pasado por Madrid a fin de recolleren as súas credenciais e estaren en Soria, empezan a plantexar a problemática de Euskal Herriko Batzarra (Asamblea Popular Basca). Siguen, por outra banda, as protestas dos diversos partidos e entidades culturais arredor das declaracións do ministro de Ibáñez Freire no senso de que as ikastolas non facían máis que favorecer a ETA.

Inda así, a pesares do decreto-lei sobre bilingüismo e das condenas do CGV ás declaracións do Ministro do Interior, parecen ser outros aspectos e as vías políticas inmediatas o que se xoga nestes meses. O PNV tópase, por vez primeira na súa historia, coa oportunidade de "governar" el soio en Euskadi. Sen competencias con ningún outro partido basco ou español de dereitas, cun PSOE con poucos votos, cunha esquerda dividida e coa presenza de Herri Batasuna. O PNV ten tres dos catro alcaldes das capitais de Euskadi Sul, e a meirande parte dos axuntamentos, controla asemade a patronal da pequena empresa (ADEGI), a Cámara de Comercio de Bilbo e as Caixas de Aforro; mantén tamén boas relacións políticas e económicas con México e Venezuela, cara onde están a emigrar empresas de patronos nacionalistas, e de onde é case seguro que veña por parte do capital basco cartos pra o Superporto.

UCD, tras do seu intento de marxinar ao PNV e o seu correspondente fracaso, non pode máis que negociar e redistribuir o poder político en Euskadi, concedéndolle unha grande parte del ao PNV. Velaí ceceais o anuncio da instauración do Estatuto do 36, e a reacción favorable da parte do PNV, e tamén de Jesús María de Leizaola, presidente do Goberno basco no esilio. Diante desto, a reacción do PSOE é radical, considerándoo a ésta "manobra dilatoria" e afirmando que anque haxa acordo UCD-PNV, tal operación non será factible o levala ao cabo sen denantes pasar polo Parlamento español. Outor factor máis vense engadir ás loitas entre o PNV—máximo beneficiario do Estatuto do 36, e partido que apoia en principio o Estatuto de Gernika—e o resto dos partidarios dese Estatuto máis os que non o aceptan. Houbo inda outro factor que se enquadrou estes días. O

sector de ANV integrado en Herri Batasuna (o outro sector de ANV apoiou nas eleccións a Euskadiko Eskerra), vén de destituir a Gonzalo Nardiz, representante de ANV perante o Goberno de Leizaola, colocando en troques a

Josu Aizpurua. ANV pro-Herri Batasuna pasa a ter, deste xeito, unha representatividade no Goberno basco, e Herri Batasuna unha vía de entrada nesta institución, aínda controlada polo PNV, dende a que se opoñer ao Estatuto de Gernika.

TXOMIN, TIROTEADO

Txomin Iturbe, dirixente de ETA (militar) caíu tiroteado a semá pasada en La Negresse, perto de Biarritz. Polo que parece, resultou ferido sen gravidade. Txomin, natural de Arrasate, militante de ETA de hai máis de doce anos, é, dende os comezos do 70, con Txikia e outros, dirixente histórico do Frente militar, e despois, tras da escisión entre político-militares e milita-

res, persoa dun grande prestixio na súa organización, ETA (militar). E o terceiro dirixente da organización contra do que atentan en menos de medio ano. Este atentado vense sumar as medidas tomadas en contra dos refuxiados bascos nos dous anos últimos. Medidas legais (espulsións do territorio do Estado francés, espulsións do departamento de Bas-Pyrénées), intento de estradicción de Apaolaza e Goikoetxea, medidas ilegais, como a estradicción de sete militantes de ETA nas vísperas das eleccións xerais, e medidas parapoliciais (intento de secuestro dunha refuxiada basca en Baiona por un policía español) e terroristas (asesinato de Agurtzane Arregi, ferindo gravemente a Juan José Etxabe, asesinato de Argala, atentado contra Peixoto, e o máis recén, o atentado contra de Txomin).



**IDIOMA GALEGO
IDIOMA OFICIAL**

**PROGRAMA PRA MILLORAR
O NOSO IDIOMA, POLO F.C. DA
AN-PG. MARTES E VERNES
EN RADIO LUGO. 9 DA NOITE**

**VEN MERCAR A TUA ROUPA
A TENDA DA XENTE NOVA**

Estreita de San Andrés,
2 e 4 - A Coruña



Thatcher, afortalanse as democracias represivas

J.J. NAVARRO
LLTZER MOIX

As eleccións da semá pasada na Gran Bretaña ventiláronse a favor dos conservadores, que coa súa victoria con crara maioría remataron con cinco anos de goberno laborista. Isto situa por vez primeira encabezando a un goberno europeo occidental a unha muller, neste caso a señora Margaret Thatcher, líder do Partido Conservador británico.

A campaña electoral precedente destas eleccións —anticipadas por unha moción de censura no Parlamento, perdida polo goberno laborista de James Callaghan— foi unha das máis duras dos tempos últimos na Gran Bretaña. Non somente se debatiron os programas políticos de cada un dos dous grandes partidos ingleses, senón xa dúas concepcións distintas de base en Inglaterra. A desfeita da alternativa moderadamente progresista dos laboristas perante o programa crara e amplamente reaccionaria encarnado pola señora Thatcher crearexa dabondo o estado de ánimo predominante no país.

Sintetizando, os conservadores débenlle a súa victoria ao malestar da opinión pública a raíz das grandes folgas que tiveron paralizado a todo o Estado británico no inverno último, pro tamén á vacilante política económica levada diante polos laboristas, que na súa última época de goberno non deron satisfeito nen ás masas traballadoras, encadradas nos sindicatos, nen ás clases medias e grandes empresarios, cheos de medo diante da crisis e a conflictiva situación social.

Agora mesmo, tras da victoria incontestable de mrs. Thatcher e os seus partidarios, plantéxanse dúas incógnitas básicas no futuro político británico; a de cal vai ser a política económica do Partido Conservador, e a política exterior do novo gabinete. En calquera dos dous casos, as mostras son de facer aníñar toda caste de pesimismo.

A GRAN INDUSTRIA DOS MINISTERIOS

Fora de que mrs. Thatcher



seña representante da á máis reaccionaria do Partido Conservador, e de que os seus principios políticos señan craramente represivos no social, antiobreiristas no económico e regresivos en canto ás relacións internacionais, o goberno anomeado o sábado último profetiza que a tensión social sufrida nos derradeiros tempos no "Reino Unido" non vai baixar pra moi logo.

Os ministerios económicos do novo goberno inglés vanos detentar homes vencellados directamente á grande industria, pouco dispostos, por principio, de cara ás reivindicacións sociais, e que, ademais, non poden de ningún xeito seren interlocutores válidos pra cando se volvan presentar as folgas que de xeito periódico sofre a economía británica.

Por outra banda, no internacional, outra das incógnitas que plantexaba a victoria conservadora, foi auténtica sorpresa o anomeamento de Lord Carrington como ministro encargado do "Foreign Office", pra o que todo o mundo agardaba a Edward Heath, ex-primeiro ministro e ex-líder do Partido Conservador.

Pero as discusións internas do partido puideron máis que as previsións, e mrs. Thatcher —á que amigos e inimigos lle apoñen vontade de ferro, moi pouca calidade de estadista— decantouse por non ter ningún ministro que lle puidera facer competencia.

USA PREFERIA AOS LABORISTAS

O novo ministro do "Foreign Office", Lord Carrington, é un

dos persoeiros máis moderados do seu partido, pero o seu anomeamento tén causada certa desconfianza maiormente en USA e a URSS.

A desconfianza yankee débese máis que nada á postura que poida levar adiante o novo goberno inglés en Rhodesia. Washington agardaba que Londres fora levar adiante hastra o fin a doutrina Carter de cortar toda relación co réxime "brancuista" de Ian Smith, e tentar forzar un goberno de "auténtica maioría negra" (pro-occidental, eso sí), en Rhodesia primeiro e en Sudáfrica máis tarde.

E evidente que a mellor alternativa pra os americanos era unha victoria laborista nas eleccións, pois tanto James Callaghan como o hastra de agora ministro do "Foreign Office", David Owen, concordaban cos puntos de vista de Carter tocante á política exterior.

Pro, confirmado o trunfo dos "tories", o mal menor era Edward Heath como responsable de relacións internacionais. Os U.S.A. teñen medo agora de que os británicos leven adiante unha política africana moi a curto prazo e dende criterios conservadores de máis. Neste senso, a desconfianza dos americanos vai un tanto da banda da escasa flexibilidade de mrs. Thatcher.

A NOSTALXIA DA "VELLA INGLATERRA"

As razóns da Unión Soviética son ben distintas. As manifestacións preelectorais de mrs. Thatcher foron agresivas dabondo tocante ao da distensión entre Este e Oeste, tendendo en xeral a pedir un meirande protagonismo europeo nas negociacións en decurso relativo á redución de forzas en Europa e limitación de armas estratéxicas. E craro que os soviéticos prefiren se entender directamente cos americanos a deixar que éstos lle espliquen despois os resultados das negociacións aos seus aliados europeos.

Craro que éstos non son máis que dous aspectos —cecais que os máis aparentes— do amplo cambeo de rumbo que pode significar a chegada de mrs. Thatcher e os conservadores á cabeza do goberno británico, e neles vai haber, de seguro, momentos de crisis en tempos vindeiros.

A clave da cuestión é outra. A Gran Bretaña sobre, xa de hai tempo, unha fonda crisis social que tén o punto de arrinque tanto na depresión económica como na perda do seu papel de primeira potencia muncial. O bipartidismo, materializado na alternancia de poder entre laboristas e conservadores, inda no lle deu dado saída coherente a esta crisis. E faise difícil pensarmos que a "vella Inglaterra", representada por mrs. Thatcher, o dea feito, por moito que o descontento da opinión verba do goberno laborista a levara ao poder cunha boa diferenza de votos.

AFRICA: A GUERRA DE POSICIONS

RAUL FREIRE

E o intre de consolidar —e polo tanto a certos niveis de clarificar— as posicións imperialistas no continente africano, despois de que os procesos revolucionarios dos movementos de liberación nacional, co apoio político e militar dos países socialistas, teñenlle infrixido duros golpes ó imperialismo en Africa (Mozambique, Angola, Etiopia, Benín...) e instaurado democracias populares en amplas zonas, o que conleva á modificación sustancial do mapa político de Africa, consolidando o frente antiimperialista e convertindo a iste continente en punto principal de confrontación.



No sur encétase a via neocolonial en Namibia (convocatoria de eleccións e goberno da A.D. Turnhalle) e en Zimbabue (goberno de maioría negra dede Muzorewa) sin un compromiso formal aberto dos países occidentais pero co seu apoio e complacencia. O novo "órde" instaurado no norte co tratado expicio-israelí unha nova etapa no mundo árabe e tenta afirmar unha nidia línea defensiva no Oriente Medio.

E a oa imaxe de algúns líderes africanos moitos diles da hora da independencia (Nyerere, Senghor, Kenyatta —iste xa morto que souperon manter a estabilidade nos seus estados baixo a égida neocolonial, é o obxectivo a espallar a outros estados co fin de garantir esa estabilidade que é o millor beneficio nun intre de explosión antiimperialista en Africa pra os intereses de Occidente.

Pra isto é necesario desfacerse do contrapunto, tamén fomentado polas potencias neocoloniales pra facernos comprender a todos que os negros son a fin de contas uns salvaxes aos que hai que "controlar", "asesorar" e "dirixir".

E o inicio desta presumible operación do imperialismo é o derrocamento do presidente de Uganda Idi Amin Dadá e a súa substitución por Isuf Dironde Lule, profesor e intelectual de sona, amigo personal do presidente tanzano Julius Nyerere, marxinando, por outra banda, a Obote.

Idi Amin, o gran bufón, o prototipo do salvaxe sanguinario, foi o elemento que o imperialismo situou no poder en Uganda en 1971 cando o presidente Milton Obote poñía en perigo os seus intereses polo seu "escesivo nacionalismo". Pero individuo estafalario, Amin creuse o seu propio papel de "vedette" (foi presidente da OUA) e escomezou a xogar por libre en moitos aspectos: apoio á OLP e á causa árabe, provocacións continuas aos estados occidentais... O personaxe ideal, "moi queimado", pra encetar con ila operación de saneamento.

Despois duns incidentes fronterixos entre Uganda e Tanzania, as frozas tanzanas e o Frente Nacional pra Liberación de Uganda iniciaron unha ofensiva militar que "liberou" Uganda do réxime de terror de Amin.

Rechamante a primeira vista que en Occidente se mirase con "amor" a operación de destrución do sanguifunto dictador sin acudir a esgrimir problemas de soberanía nacional violada ou a apoiar inda que fose moralmente a un réxime agredido por "forzas manipuladas dende o exterior". Lembren o caso do dictador Mobutu no Zaire cando a ofensiva do FLNC, en que tropas belgas, francesas e marroquís fixeron acto de presenza pra defender a iste dictador tamén sanguifunto amigo de Occidente, da "agresión" dirixida "dende Angola" e con participación "soviético-cubana". Lembren o caso —tan semellante no formal do derrocamento do brutal dictador Pol Pot en Dampuchea por forzas do FUNSK e tropas vietnamitas en que se armou toda unha escandaleira internacional nos medios de comunicación, e polos gobernos occidentais "frente ao atentado á soberanía nacional dun estado independente por moi "desagradable" que o seu réxime poidese ser".

As similitudes entre istos casos salta á vista. E non é que se pretenda facer unha defensa de Amin, indefendible dende calisquer punto de vista.

Tras da caída de Amin están os intereses imperialistas tal e como fican sinalados, e o moralismo "humanista" e "xurídico" que se esgrime nuns casos, esquecese noutros, en función precisamente dises intereses. E o obxectivo en Africa é consolidar o neocolonialismo e evitar o avance do movemento antiimperialista. E pra isto, todos os métodos militares, políticos e propagandísticos son válidos.



**edicións
castrelos**

Gral. Aranda, 14
VIGO

ULTIMOS
TITULOS
PUBLICADOS

**Colección
O MOUCHO**

A TABERNA DO GALO
DE CELSO EMILIO
FERREIRO

A FRONTEIRA DA FAME
DE LOIS VAZQUEZ

COLECCION "POMBAL"
ALFONSO MAGARIÑOS:

GALICIA, CONFLICTO
E SUPERVIVENCIA.
INQUERITO

XOSE MARIA
ALVAREZ CACCAMO:

GALEGO CERO



Mogor

COLECCION MOGOR

VICTOR VAQUEIRO

LIDEIRAS NA PAISAXE


X

Veito

PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

José Angel Iribar Cortajarena, 36 anos. Un nome de sona mundial. Un home sinxelo e popular, grande de corpo e de corazón aínda cando esteñamos falando co tempo xusto nos vestuarios pra os visitantes de Balaídos: sempre hai tempo pra conversar entre nacionalistas. Villar, Dani, Irureta, Alesanco, Aguirre, son testigos de amabilidade do seu capitán de equipo cara A NOSA TERRA. Entre eles falan euskéra e saúdanos abertamente. Nin eles nin nós somos alleos.

IRIBAR: Máis alá dun gran porteiro de fútbol



O día vintenove de abril, o equipo basco do Athletic de Bilbao cumpria coa de visitar o Estadio de Balaídos, onde o Celta xoga os seus partidos deste ano na primeira división da liga española de fútbol. A NOSA TERRA, sempre que puido, estivo este estadio vigués a carón do, en teoría, millor equipo galego de fútbol. Alí estivemos pra dar cumprida reseña dos partidos que o Celta xogou co Valencia, Madrid, e agora co Athletic basco, cando había esperanzas de non baixar á Segunda División e a presenza dos homes titulares de San Mamés eran motivo dabondo pra agardar un bo partido.

Ben que sentimos tamén nós que nin o xogo nin o resultado foran o que milleiros de aficionados quixeran. Pro tamén é certo que o Bilbao e o Celta tiñan e teñen pra nós un valemento que o dun partido máis ou menos malo ou un empate máis ou menos transcendente. Compre su liñar esto polo que vai vir agora.

Tiñamos grande interés en falar co home que ademais de ser o porteiro quechegou a superar o récord da internacionalidade que tiña daquela o Ricardo Zamora, tén tamén unha forte personalidade social e política na súa terra, no seu país. E esto un feito tanto máis sorprendente cando se está a cavilar na imaxe tantas veces falsas, e secadra certa en Galicia, do futbolista robot, aséptico, un home coa función de xogar ben e aproveitar o tempo neso, que os anos pasan. Pucos estivemos a ver que detrás dun balón ou detrás dunha portería de fútbol podería haber outra cousa alén do ídolo, ou dun mito feito adrede.

Iribar, ¿hasta cando porteiro do At. Bilbao?

Bueno, non sei cando vou tomar a decisión de retirarme; ou remate da Liga falaremos desto co Athletic.

¿Do fútbol á política?

Non compre esquencer que o fútbol é un ente sociolóxico máis dentro das cousas que pasan nun país, nun pobo; o fútbol pra nós é un traballo e en

certa maneira pode e entra dentro da Política.

¿Que representa o fútbol dentro do conteso social de Euskadi: unha imaxe de concentración afectiva ou, pola contra, unha evasión máis coma en tantos sitios?

Máis que nada, hai unha grande concentración afectiva cara o Athletic de Bilbao, xa que cumpriu unha grande función dentro destes cuarenta anos tan

difíciles ora todos, cando as nacións do estado estiveron tan oprimidas; entón, xa daquela, que non podías decir nin facer outra cousa, o Athletic era coma unha vangarda do pobo basco.

Equipos bascos con xente basca; ¿onde se atopa o secreto destoutro valemento?

Nun traballo ben feito e ben planificado; hai unha boa planificación que xa vén de vello, con escolas deportivas no deporte xuvenil, e despois, o gran valor é que eiquí non se lle pecha o paso a ninguén, coidase e respetase a

propia canteira e sempre hai sitio pra todos, cousa que non é así noutros sitios, que veñen os estranxeiros e pechanlles oportunidades os rapaces do país. Repitoche, está todo moi ben planificado e con moito respecto.

Dixose nalgues que pra o mundial do oitenta e dous no Estado español Euskadi ben podería solicitar da FIFA ou de quen fora a súa participación como país autónomo dentro dos campionatos, dun xeito semellante a Escocia ¿Qué hai de certo neso?

Polo de agora esto somente é unha ilusión, unha estratexia, algo que latexa no pobo dentro do deporte pra que esto esteña "in mente"; sabemos, por outra banda, das dificultades que iba traer e hoxe fáisenos case imposible loitar por eso; teriamos que centrarnos somente neste e xogar nun terreo normalmente patrio e non vai poder ser.

Euskadiko, PNV, Herri Batasuna ¿cal é o equipo de millor

"canteira" política?

A mocidade foise, como é ben sabido, con Herri Batasuna, xa que tén un tipo de loita máis directo, máis de "ruptura" de cara a esa Constitución á que o pobo basco lle dixo en maioría que non, que non é valedeira, xa que non enche as esperanzas que tén; entón, claro, a mocidade está máis na tendencia de Herri Batasuna.

¿Sabias que xente galega vencellada ao Bloque Nacional-Popular Galego entrou na axuda das candidaturas de H.B. nas municipais?

Sí, craro, e é loxico, xa que eles viron que os intereses de H.B. estaban moi ben representados na xente emigrante galega, alí; nós démoslles a posibilidade de falar tamen nos nosos mítins, axudámos e eles axudáronnos tamén moito a nós, a loita iba en común, craro.

A vista destes catro anos ¿qué pensa un abertzale como tí do grande avance nacionalista?

Coido que este avance vai ser moito máis, imos ter moitas oportunidades de medrar, de reconquistar a nosa identidade como pobo, por ese camiño e por onde compre ir, que a xente se identifique co seu propio país, co seu pobo.

¿Cal é a imaxe que garda Iribar da Galicia post-electoral?

E difícil decilo con seguranza; sabemos que nas municipais o adiante foi moito e nas outras tamén medraron os votos de cara ás vindeiras lexislativas que agardamos virar.

¿Volveremos a ver a Iribar en Balaídos pra o ano que vén?

Gustárame moito, de verdade, quero e simpatizo moito co pobo galego, xa que, aparte de todo, temos e levamos unha loita en común.

Na tua retirada deportiva. ¿atoparemoste cecais de técnico nalgues?

Non sei, é posible; pro sempre sería traballando na base, na canteira, nas escolas deportivas; podería ser e gustárame facelo no Athletic.

¿Algo máis, Iribar?

Sí, un saúdo de irmáns pra todos os compañeiros galegos.

VAZQUEZ PINTOR

ENTRE A RUA
DOS OLMOS
FONTE
DE SAN ANDRES
LIBROS DISCOS
ARCO
ARCO-5-TLF. 223804
A CORUÑA

MASIDE
REGALO
RUA DO VILLAR, 4
SANTIAGO

ALFONSO R. CASTELAO
LIBREIRIA E PAPELERIA
CERAMICA POPULAR GALEGA
AO SERVICIO DA NACION GALEGA
José Antonio, 130 - entrecán
Telf.: 419759
VIGO

¡OLLO COS ABONOS QUIMICOS! (e II)

RAMON VARELA DIAZ


Hai dúas semás, tratamos dalgúns dos problemas que conleva a utilización dos abonos químicos. Hoxe, pra rematarmos co tema, ímonos fixar sobre todo na contaminación que produce no medio ambiente a devandita utilización.

Tomemos como exemplo o caso dos nitratos. Na fabricación destes, emítense á atmósfera, amais de partículas de pó, óxido de nitróxeno e nitrato amónico; por cada mil toneladas/día de nitratos producidos, os verquidos líquidos supoñen 5.000 m³ de auga, que leva en disolución 2.000/1.000.000 de NH₃ (amoníaco), 200/1.000.000 de nitratos, e outras moitas sustancias que, aínda en cantidade inferior, supoñen unha agresión ás augas de verquido.

UTILIZACION

Se se dera unha utilización en cantidades e concentracións acaídas, provocaría unha diminución da poboación de microorganismos do chan, que son descompoñedores de materia orgánica, pra convertilla en materia mineral, ceibando no proceso os nutrientes minerais prás plantas; aínda que poidan parecer sen importancia, estes microorganismos forman parte da cadea alimentaria, susceptible de se rachar neste eslabón pola acción deses produtos químicos que compoñen os abonos, daí que seña negativa a exclusiva utilización de abonos químicos, por ser samente materia mineral.

As augas de choiva arrastran os produtos químicos deica os ríos e mar litoral; No caso dos ríos galegos, por estaren cheos de presas pra produción de enerxía eléctrica —son verdadeiras barreiras artificiais— as augas están practicamente estancadas boa parte do ano. A chegada a estes embalses de fósforo e nitróxeno provoca un crecemento rápido dalgúns especies de algas, que lle dan unha cooración característica ás augas, dende o verde, azul verdoso, castaño e hastra roxido, volvéndose



viscosa a sua superficie. Estas algas, que pasan a dominar neste medio, son de forma filamentosa e de difícil consumo pra o plancton animal (seres moi pequenos que se alimentan das algas). Algunhas destas algas hastra poden ser tóxicas, e o seu crecemento, xa que logo, non se controla en base ao consumo. Se isto ocorre na superficie, en troques nas augas fondas os organismos morren e descompoñense ao se atoparen privados de osíxeno. Esta falla de osíxeno ven ocasionada pola descomposición e podrecemento de grandes cantidades de algas, que pesprenden, pola sua parte, metano e ácido sulfhídrico, afectando moi gravemente ás posibilidades de vida nesta zona das augas.

Este fenómeno de avellentamento das augas, produto do seu arriquecemento en nutrientes a un ritmo tal que non se pode compensar pola sua eliminación definitiva, conócese como **eutrofización**, sendo un dos fenómenos contaminantes máis importantes dos últimos anos. Sobor de todo nas agriculturas intensivas e mesmo nas estensivas, dada a mala utilización dos abonos químicos.

Como alternativa á utilización dos abonos químicos, que dan bos rendementos inmediatos, pero que poden chegar hastra esterilizar a terra de cultivo, contaminando o medio ambiente, amais de poñer en perigo a nosa saúde, é aconsellable a non utilización de produtos químicos **solubles**, e volver aos abonos orgánicos, como o esterco, o restos vexetais, etc e máis aos abonos minerais insolubles, coma os fosfatos naturais.

Non debemos olvidar dous aspectos que axudarían a poñer os pilares dunha agricultura natural ao biolóxica: o traballo do chan, pra lle dar unha estrutura favorable á circulación do ar, da auga e á vida dos microorganismos, e máis a rotación dos cultivos que conleva o arriquecemento do chan por medios naturais, tendo en conta sobor de todo a presenza das leguminosas nesta rotación.

da terra asoballada

SALVEMOS XOVE

A traxedia recén da Central Nuclear de Harrisburg nos Estados Unidos, debería facer que os galegos berráramos a un tempo ¡SALVEMOS XOVE!

Cando os nacionalistas galegos escomezamos a loita contra da Central Nuclear de Regodela—Xove, damos todo tipo de rezonamentos económicos, biolóxicos e médicos, pra opornos á sua instalación na Nosa Terra. Lembramos os posibles perigos que pra saúde podería ter un accidente Nuclear. Falamos, xa daquela, das enfermidades que poderían seguir á exposición ás radiacións; falabamos do chamado Síndrome Cerebral, que foi descrito despois dun destes accidentes industriais, e que produciu a morte dos afectados en 36 horas; falabamos do chamado Síndrome Hematolóxico, producido por alteracións das células do sangue, e que pode provocar hemorraxias ("hemorraxia por radiación") ou un aumento no número de leucemias nas persoas expostas, lembrabamos que os estudos epidemiolóxicos amosaban que as nais de nenos leucémicos sufriran, antes e despois do cembarazo, un meirande número de probas cos Raios X que as nais de nenos normais escolleitas o chou, e tamén lembrabamos a

morte na Cidade sanitaria "La Paz" do traballador da Central Nuclear des Zorita, Antonio Prados por mor dunha leucemia; falabamos por último do chamado Síndrome Gastro-intestinal, que aparece con dosis cativas de radiación, e que se caracteriza por vómitos e diarreas que levan a unha deshidratación extrema, que resosta mal aos tratamentos habituais e que pode provocar a morte.

Tamén apuntabamos que estes feitos máis conocidos, non eran os únicos, senón que había outros a medio e longo prazo aínda máis alarmantes; e así, cavilabamos na posibilidade de que 30,40 ou 100 anos despois dun destes accidentes aumentara na zona a incidencia de cancro ou de nenos con malformacións están, desgraciadamente, máis perto, e están gracias á rapiña do capital, que no se para a cavilar máis que no su afortalamiento, despreciando olímpicamente a saúde e mesma vida da xente.

Cando se dan todo tipo de razonamentos en contra das industrias nucleares, as empresas sempre respostan con cantinela

de que non pasa ren, de que non existe motivo de desacougo. Confió en que hoxe teñan o valor de lle ir con ista mesma lería ás mulleres e homes de Harrisburg, e confío en que

nunca as mulleres e homes de Galicia teñamos que escoitar iste tipo de explicacións, despois dun accidente nuclear.

Aínda estamos a tempo, ¡SALVEMOS XOVE! adprendendo das mágoas dos Mamáis. Harrisburg está lonxe, pero as industrias nucleares non teñen fronteiras, e Xove está perto de todos nós.

Sen pretender sermos alarmis-

tas, senón máis ben todo o contrario, o Goberno americano está a lles recomendar ás nais preñadas e máis aos nenos que abandonen a zona; tamén lles recomenda a os labregos que non leven o gando a comer e beber, porque neles acumúlanse as radiacións e diste xeito pode exportarse o perigo a outras zonas e máis a outras xentes; isto último, cicais aínda seña

solucionable pero ¿qué dirán se os nenos manán son estériles ou se as nais paren fillos con alteracións físicas ou xenéticas?

Con ledicia do ignorante, o Presidente Carter asegura que o accidente de Harrisburg non é dabondo pra que o seu Goberno renuncie á enerxía nuclear. O Presidente Carter e a sua familia viven lonxe de Harrisburg. Ao Presidente Carter preocupanlle os cartos dos donos das centrais nucleares que a saúde e as vidas dos habitantes de Pennsylvania. O Presidente Carter é un peón do capital. O Presidente Carter debe saber ler, pero non se lle nota.

Os galegos vivimos perto de Xove. Aos galegos tennos que preocupar máis a nosa saúde que os cartos dos donos das centrais nucleares. Os galegos témonos que negar a sermos peóns do capital. Aos galegos abóndanos con emigración, o tifus, as meninxitis, a tuberculosis, o raquitismo, o hocio, as malas estradas, as casas-cortellos e demais males endémicos da nosa nación como pra sumarlle a nosa falla de calidade de vida o risco do accidente nuclear. Por todo isto, os galegos sabemos ler, e ténsenos que notar. Os galegos, en fin, debemos SALVAR XOVE.

X. L. TEMES-MONTES



DA ARTE E DOS XEITOS

Por FELIPE SENEN

O CERVO NA ARTE GALEGA

Non temos máis que remexer un pouco na arte galega do pasado pra atoparmos coa figura limpa e de ribiricados cornos do cervo. Animal que nun tempo brincaba polos eidos e os outeiros de Galicia, ao pé dos nacedeiros, das fontes, das brañas, dos regueiros ou dos manantílos de auga fresqueira. Hoxeridía, os artistas desbotaron esta enseña, cecais por que istos mesmos nosos artistas non saben facer ise xogo da arte que tan ben mistura o pasado co presente e o futuro. O caso está en que o cervo viuse desterrado da produción de imaxes sobre todo a arte intelectual marxinou-no de boa gana; non pasou así coas lendas aínda vivas de moitas aldeas de Galicia que nos contan de belidas mozas, de castelos feudais e de cazadores que descubren na cervo ferida pola ballesta a rapariga dos seus amores. O feitizo da dama-cerva aínda latexa na serra dos Ancares, lenda que se repite en moitas outras zonas de Galicia montañesa, terras bravas, sombrizas polos soutos e as carballeiras.

Si imos afondando no pasado, repararemos de vagar na lírica galaico-portuguesa, concretamente nos trovieiros do século XIII e nas suas cantigas de amigo, nas que moi a miúdo descubrimos a mocíña enamorada, a fonte e o cervo que baixa espelido dende o monte. Pero Meogo é un bo exemplo:

*"pasa seu amigo
 que lle ven quería
 o cervo do monte
 á auga volvia
 Leda dos amores
 dos amores leda"*

 E sin baixar tan lonxe no tempo podemos atopar aínda hoxe un survival cristianizado do cervo, prefigurando a Cristo, como unha enseña de amor, limpeza e renovación, refirome a esa canción da Eirexa que di:

*"Como el ciervo
 guía las fuentes
 de agua fresca
 y va veloz"*



O cervo é un símbolo que percorre todas as manifestacións artísticas deica fins da Edade Media indubidablemente por algún motivo tén de ser. Sabemos polas crónicas gregas que falan da Hispania Antiga que o antiimperialista, o nemigo maior dos romanos, o lusitano Viriato facíase acompañar nas suas campañas de unha cervo branca da que se valía pra conecer os agoiros. Iste é un bo exemplo do carácter e do creto

relixioso que se lle daba ao animal. Si queremos retorcer o estudo non temos máis que examinar as representacións iconográficas de moitos elementos provintes da cultura céltica. Toparemos con verdadeiras solpresas; cavilemos en deuses como os Cernunos, que se adubían cos torques e na sua testa enseñan unhos bariles e longos cornos de cervo, como a divindade do caldeiro de Gundestrup, que axionllada cáseque ao xeito oriental ergue as mans

ao ceo cos dous cetros dun poder relixioso e ben seguro que político: o torques e a serpe, non faltan os cornos de cervo e os mesmos animais facéndolle campaña á sua beira. Vexamos tamén os carros votivos de bronce, como o de Styria, no que son istas bestas as que se representan tirando do emblema solar; cavilemos nas cornamentas que apareceron no entorno do moimento megalítico de Stonehenge e nas que recobren enterramentos da idade do Bronce na Bretaña... Imos deixar eiquí a cousa e quedarnos coas representacións de cervos dos petroglifos galegos: Campolameiro, Caeira, Sacos, Muros... imaxes insculturadas nos penedós, nun entorno aberto, de longos horizontes nos que o chan se fende en regos de auga, campos polos que un dia brincou o cervo, ise cervo do que somentes nos quedan as representacións nas penedas e que se arrodea de espirais, laberintos, combinacións de pegadas, signos que están dentro dese código difícil de interpretar e que indubidablemente algo terán que ver co mesmo cervo, coas fontes ou seña coa fartura da natureza.

andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

HOMBREIRO


O primeiro de Maio estiven no Vilar. Alí xantei. Despois fomos tomar unhos cafeses e logo unha copa, que nunca cai mal. a Hombreiro. Paramos en Casa Abel, que é a de sempre, a de toda a vida. Había moitos anos que non fóramos a Hombreiro. Hai algunhas novidades: a aceña dos Penas, denantes movida, como debe ser, pola auga do Miño, agora móvese con electricidade, non sei si de "Barras Eléctricas" ou de "Fenosa", que pró caso é o mesmo. Hai algunhos merendeiros máis, feitos de cemento e ladrillo. E tamén unha especie de parque que fixeron os sindicatos franquistas, chamado "Los Pinos", manda truco na Habana.

Hombreiro é unha aldea a poucos kilómetros de Lugo, cruzada polo Miño e polo Narla, que desemboca perto da chama-

da Ponte de Hombreiro. O Miño por eiquí é fermosísimo. Forma moitas insuas, de vizosa vexetación. Unha delas chámase "O Curro". Deloutro lado no Narla, cara a terras do axuntamento de Outeiro de Rei, hai un lugar moi arbolado que se chama Trasnarla.

Moito teño pateado a parroquia de Hombreiro nos días da mocidade. Tódolos anos era festeiro puntual polo San Roque na casa do Pequeno. Despois do xantar festeiro dábamos un longo paseo por Trasnarla e ós pechos da noite aparecíamos pola romería. Tamén teño asistido a romería do Santo Outelo, que se celebra ou celebraba ng mes de maio. Polo visto, a chave da eirexa de Hombreiro, aplicada sobor das roeduras dos cas doentes, era moi eficaz.

Cando este servidor era



rapazolo aínda se conservaba de pé a torre de Hombreiro. Non era moi outa. Nin moi grande.

Nembargantés era moi proporcioada. Polo visto a torre era propiedade do Marqués de San Martín de Hombreiro, que é militar e vive na Cruña. Agora a torre está esborrallada, dediante a indiferencia de todos. As dúas paredes que siguen en pé, non tardarán en caer.

Tamén ollei o colmeiar dos do Pequeno. De perto de douscentos cortizos, somentes contei cincuenta e tantos. Moitos deles xa non teñen abellas. Non sei si aínda moe o muiño dos do Pequeno. Denantes estaba ó seu coidado o señor Pedro, o tío solteirón, que gastaba unha longa barba e que era tan goberneiro que, según decía un veciño, estando o Pedro no muiño, unha galiña, que estivera tamén no muiño, morrería de fame. Grao que ollaba caer o Pedro, apañabao e con él prá muxeira. Por certo que o Pedro,

teñoille sentido decir:

—Teño setenta e cinco anos. Na miña vida entrei nunha taberna e nunca me deron as dez da noite fora da miña casa.

O señor Pedro do Pequeno era moi parcial da bicicleta. Nos días da miña infancia teño ollado pasar moitas veces por Outeiro de Rei, montado na sua bicicleta, coa sua barba e a cadea do reló cruzándolle o chaleque, viaxando cara a Parga, onde tiña unhas boas propiedades.

Oxe, na casa do Pequeno de Hombreiro, que era una das que máis terras tiña no axuntamento de Lugo, só queda o Pepiño, que é solteiro. Morreron solteiros o Manolo, que era médico nun povo de Castela e o Pedro, que era licenciado en Dereito pro que nunca exerceu. Os outros dous irmaus viven en Lugo. O Secundino tén un bar. E o Antón unha roloxería.

oidioma

Por MARIA PILAR GARCIA NEGRO

AS PERIFRASES (I)

Hoxe imos falar das perífrases ou frases verbais, fixándonos nunhas das máis usuais na nosa língua. Nas frases verbais hai sempre un primeiro elemento, que é o que se conxuga, e un segundo elemento, infinitivo, xerúndio ou participio. As perífrases de infinitivo teñen un carácter progresivo ou incoativo; indican normalmente unha acción que vai comenazar, encamiñada ao futuro. Fixémonos, por exemplo, nas perífrases IR máis INFINITIVO e VIR máis INP., que indican movemento e que non levan (ao contráριο que o

español) a preposición a: **vou falar** (non "vou a falar"), **ímollo decir**, **fóillelo contar**; **veu actuar** hoxe, **virá xantar connosco**, **véñovolo comunicar**. Poñamos atención en non introducirmos esa preposición "a" do español, cando van separados os elementos formantes da perífrase: "veu á nosa casa contarnos o sucedido", "fomos os catro pasear", etc.

Hai perífrases de infinitivo que teñen carácter obrigativo. Son as que se forman cos verbos "ter" e "haber". **Heille falar e hame facer caso**. Outras veces, leva intercalada a preposición "de", como no cantar:

*Heime de casar cun vello
 heime de fatar de rire,
 heille de poñer a cama
 onde non poida subire.*

E preferíbel a construción sen "de". A perífrase construída con "ter" ten, se cadra, un carácter de obriga máis marcado e admite "de" ou "que" intercalados entre o auxiliar e máis o infinitivo: "teño que me ir", "ten de facelo hoxe", "tivo que llo contar", "terá de ser así", etc. Tamén ten carácter obrigativo a perífrase formada por **DEBER** máis **INFINITIVO**: "debes marchar mañá", "debémollo levar á sua casa", etc. Indica tal vez máis un matiz de

obriga moral, de compromiso adquirido. **DEBER** DE **INFINITIVO** ten, en principio, un carácter dubitativo: "está o chan mollado, debeu de chover onte", "debe de estar a chegar", "debe de nevar, parécemo". Mais é curioso, porque na fala se dá moitas veces un cruce entre esta e a anterior, resultado do cal é a atribución á perífrase **DEBER** máis **INFINITIVO** dun carácter obrigativo. Vémolo mesmo no título da obra de teatro de **Castelao OS VELLO NON DEBEN DE NAMORARSE**, onde a ida do testo apunta non á dúbida ou posibilidade, senón á obrigatoriedade de os vellos non se namorarem: don Ramon, don

Saturio e o señor Fucó acaban morrendo despois dos seus amores seródios.

E para rematar por hoxe, sinalemos unha perífrase de infinitivo tamén, mais con sentido de pasado, porque vai construída co perfecto do verbo "haber": "houbémonos matar alí", "houbeches cair polo barranco abaixo"... Reparemos no sentido exacto desta frase verbal, que indica unha acción que se había cumprir, pero quedou truncada. Evitemos, pois, o uso do calco do español: "estivo a punto de conseguilo"; "houbo (de) conseguilo" é o correcto, pois é a frase que expresa a idea no noso idioma.

LIBROS

PERIPLO DE MANUEL ANTONIO

Manuel Antonio Pérez Sánchez naceu en Rianxo (A Coruña) o 12 de xullo do ano 1900. Cursou o Bacharelato en Santiago, e en Vigo a carreira de Náutica. En 1923, aprobados os tres anos de estudos para aspirante a Piloto da Mariña Mercante, aparece matriculado na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, na que se cursou algunhas asignaturas. En 1926 embarcou-se como agregado de piloto no pailebote "Constantino Candeira", o valeiro de De catro a catro, a cuxo

capitán, don Augusto Lustres Rivas, está adicado este libro de poemas. Navegou tamén en va-

pores, e en 1929 desembarca do pesqueiro "Arosa" xa moi enfermo, en Cádiz. Vai morrer en Asados, parroquia do concello de Rianxo, o 28 de xaneiro de 1930. Foi enterrado no cemitério municipal da vila do seu nacemento.

Até a publicación en 1972 do

libro Poesías, prologado e ordenado por don García Sabell, cando se falaba da produción literaria de Manuel Antonio decíase que era tan escasa como breve fora a súa vida, xa que so se coñecían algúns poemas soltos, o libro **De catro a catro** e o manifesto **iMáis alá!** Mais coa publicación das **Poesías**, primeiro volume da **Obra completa** —anuncia-se a publicación dun tomo de prosas literarias e outro de cartas—, o poeta rianxeiro presenta-se nos como moito máis fecundo, pois achamos neste tomo outros conxuntos de composicións, **Con anacos do meu interior**, **Foulas**, **Sempre e máis despois** e **Viladomar**, ademais dun número importante de poesías soltas. A temática de Manuel Antonio aparece tamén máis ampla, deixa de ser exclusivamente de inspiración mariñeira e abranxe outros temas, como a chuvia, a noite, o Urco, etc.

A innovación que supuxo para a lírica galega a obra poética de Manuel Antonio, se ben é certo que xa empezaba a apuntar-se nas súas primeiras produ-

cións —que, sendo de influencia modernista, xa presentaban discordancias rítmicas que avanzaban cara o vanguardismo—, manifesta-se na única obra publicada en vida do seu autor (1928), **De catro a catro**. **De catro a catro**, **folhas sen data dun diario de bordo** consagra ao poeta rianxeiro como renovador da lírica galega. O noso poeta rompe decididamente coa tradición literaria existente en Galiza e trata de pór a poesía galega á altura da poesía europea e americana do momento. Afiliase aos movementos vanguardistas, principalmente ao creacionismo, e busca unha poesía baseada na imaxe ousada ou visionaria propia daquelas escolas, aínda que dotada de características moi persoais. O manuscrito deste libro está datado de 1926 a 1927, época que se corresponde coas navegacións do poeta feitas no pailebote "Constantino Candeira". Son dazanove poemas nos que se recollen as vivencias do mariñeiro poeta durante as súas horas de garda, de catro a catro. Presenta unha grande unidade temática, o mar

que chega a se facer motivo esencial do poema. Este mar que

o poeta canta é un mar de soño que se realiza en imaxes, e que é natural, sentido e preferentemente nocturno; no que se pode descubrir novos continentes, xogar coas estrelas, ver os afogados, sofrer unha calma ou unha tempestade, pasar frío, ouvir o cantar do mariñeiro de garda e o toque do sino, saber o que é a soledade, enxergar a beleza das águas ao anoitecer, baixo a luz da lua e na total obscuridade. E un mar visto desde el mesmo, e tan vivido que ás veces parece que é o mesmo mar o que se nos presenta e o que se expresa segundo as fórmulas do creacionismo. Mais o creacionismo de Manuel Antonio está tinxido dunha seriedade e unha gravidade baseadas na realidade obxectiva que fan que a imaxinaria do poeta rianxeiro fiquen moi alonxada da lúdica imaxinaria de Vicente Huidobro, o poeta chileno que fundou a escola.

O manifesto **iMáis alá!**, publicado en 1922 e firmado xunta-

mente con Alvaro Cebreiro, é unha crítica da poesía galega vixente daquela en Galiza e unha chamada aos mozos para a creación dunha poética nova. Ataca duramente a Valle-Inclán e aos escritores galegos que escriben en castelán e defende o uso da lingua galega, que el considera como esencia espiritual da terra.

Neste día das Letras Galegas, consagro á lembranza do máis ousado renovador da poesía nosa, na que introduciu novos xeitos de inspiración moderna e horizonte internacional, cumpre subliñar a profunda orixinalidade deste poeta, morto en plena mocidade, e que, cun vigor e unha madurez sorprendentes, encamiñou, con precisión de timoneiro adoitado, o pailebote da nosa lírica por mares nunca dantes navegados, sorteando con axeitados golpes de leme, as sirtes da inautenticidade e a retórica, e demostrando que a inspiración poética de Galiza non se esgotaba coa obra de Santa, do Bardo e do Rebelde.

MA. DO CARMO
GARCÍA RODRIGUEZ

axenda

CINE

Antoloxía do cine mudo alemán (1919-1929). En español. Alemaña 1970. Na Casa da Cultura. Rúa do Concello-9. Ourense. 15 de Maio.

Dodes'Ka-Den. De Kurosawa. Cine-Club Marín. Cine Avenida. 11 de Maio, 10,15 noite. Marín.

Interiores. De Woody Allen. Salón Teatro. Santiago.

Fernando Bellas, espón as súas fotografías no Pub "O Patacón", rúa do Orzán 10-baixo. A Coruña. Dende o 21 de abril ao 21 de maio.

MOSTRAS

XII mostra do libro galego no País Basco, e parella, **Mostra de Alfarrería popular galega**. Do 12 ao 20 de Maio. Clausurarase coa actuación do Grupo de Danzas no 10 cabodano do seu nacemento. Organiza "Centro Galego de Vizcaya". Baracaldo.

LIBROS

A outra economía galega. De Albino Prada/Abel López. Con



A OUTRA ECONOMÍA GALEGA

ALBINO PRADA / ABEL LÓPEZ



limiar de Felipe Martínez Marzoa e presentación de X.M.

Beiras. "...Escrito sin pretensions, por autores novos e deica hoxe inéditos, fai matinar moito encol de moitos temas até agora

fragmentariamente espostos e porá totalmente en entredito, e coído que con fortuna, outras ideas que chegaron a ter unha ampla difusión como as miñas propias". (Da presentación).

Clases y naciones en el materialismo histórico. Samir Amín. Ed. "El Viejo Topo". Unha contribución máis, dende a óptica marxista da teoría do "desenrollo desigual", ao análisis da interrelación loita nacional/loita de clases.

RADIO NACIONAL F.M.

Día 14, 16 h. Segundo Programa.— "La noche", "Gratitud", "Dos romanzas sin palabras" e "Variaciones a la antigua usanza" de Marcial do Adalid. Piano.— Antonio Ruz Pipó.

Día 17, 17 h. Terceir Programa.— Cantiga 26 de Alfonso X. Polo Estudio de Música Antiga de München dirixido por Thomas Binkley

CONCERTOS

Día 11. Pontevedra. 20. 3ra. Maria. Misa Scala Aretina de Fco. Valls. (Transer. P. López Calo). Scuola di Chiesa, Orquesta da Coruña. Coro "Ars Musicae" de Pontevedra. Miguel del Barco (órgano) e María Rosa Calvo Manzano (arpa). Dtor. John Hobbard.

Día 15.— Vigo. Auditorio da Caixa de Aforros. 20 horas.

Homenaxe a Manuel Antonio. Estreno de **Cuéntame** (Pianista.— Natalia Lamas) e **Espematogénesis** (Coro Ars Musicae de

Pontevedra) de Enrique X. Macías.

DISCOS

DISCO DA SEMA

Giovanni Palestrina.— **MISSA PAPA MARCELLI. STABAT MATER. TRES MOTETES.**



Pro Cantione Antiqua. Dtor.— Bruno Turner.

HISPAVOX — Enigma S 90.109.

Interpretación.— 9 — Grabación.— 8.

"A Misa do Papa Marcelo é unha obra clave do século XVI, segundo a tradición, serviu pra "salvar" a música relixiosa, e moi a miúdo tivo unha interpretación moi diverxente cos datos musicolóxicos. Bruno Turner danos unha versión fresca e deliciosa desta xoia musical. A nosa recomendación é absoluta".

ACTOS

I SEMANA CULTURAL D'ASTURIAS en Santiago. Do día 9 ao 12 de maio. O día 9 no Colexio La Salle, representación de "De Vita Beata", a cargo do grupo de teatro "Margen". O 1, no Salón de Actos de "Obras Sociales" da Caixa de Aforros, mesa redonda "A Cultura Asturiana hoxe". Os dous ás 20h. E o 12, na Carballeira de Santa Susana, "III Festival Popular d'Asturies en Galicia", con Nuberu, Manolín Fdez., Los Urigallos, Carlos Rubiera, Manolín de Quirós, La Curuxa Enfocada, El Ruiseñor de Llangreu, etc. Dende as 5 da tarde.

Actos da Agrupación Cultural Galega LOSTREGO (MADRID).

"Lóstrego" organiza no Centro Cultural de Prosperidad, c. Mantuano 51 (metro Prosperidad) os días 17, 18 e 19 actos con motivo do Día das Letras Galegas:


Día 17, ás sete e media, conferencia do fato de poesía do LOSTREGO, sobor de Manuel Antonio e presentación do libro de poesía de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Día 18, as sete e media, conferencia de Pilar García Negro sobor o decreto de Bilingüismo.

Día 19, ás seis, actuación do ilusionista Antón co seu personaxe Façundo. Lugo unha gran queimada aménzada polo grupo de gartas da agrupación, "Chorima".

Vernes 11.— Pedro Costa Morata. "A cuestión nuclear". 20 h. Instituto Masculino de Lugo.

Xoves 10.— Carlos Casares



presenta o libro de Salvador García Bodaño "Tempo de la Compostela" ("Premio de la Crítica 1978") no Local da Asociación "A Chavella", en Eduardo Pondal-8. Santiago. 20,30 h.

Wolfgang A. Mozart.— CUARTETOS PARA FLAUTA E CORDA.

Conxunto Melos e Richard Adeney.

Hispavox-Enigma. S. 90.108. "Versión impecable dunhas obras de mediano intrínseco musical pero de engado indiscutible".

Ludwig van Beethoven.— SÉPTIMA SINFONÍA.

Orquesta Hallé.

Dtor.— James Laughran. Hispavox — Enigma.— S. 90.107.

"A pesares do inédito de orquesta e director, a versión pode contarse entre as milloras do catálogo español".

Alain Giroux.— HERE & THERE BLUES.

CFE-Guimbarda GS-11016.

"Magnífico recital de "rag" que resulta aínda máis recomendable pola inclusión das tabulaturas no folleto de comentarios".

Bárbara Dane.— I HATE THE CAPITALIST SYSTEM.

CFE-Guimbarda GS-11017.

"Interesante selección de cancións do repertorio do radicalismo U.S.A. do período da depresión. Non fallan as fermosas pezas de Woody Guthrie".

PUBLICACIONES

Braña.— Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural. Núm. 2, correspondente á segunda metade do ano 1978.

ASOCIACION SOCIO-PEDAGOXICA GALEGA:

HISTORIA DE GALICIA

A CORUNA: A impartir por Felipe Senén López Gómez, licenciado en Historia e Director do Museo Arqueolóxico.

SANTIAGO: A impartir por Xosé Manuel Vázquez Varela, Prehistoria. Fernando Acuña Castroviejo, Historia Antigua. Santiago Jiménez Gómez, Historia Medieval. Ramón Villares Paz, Historia Moderna. Xosé Ramón Barreiro Fernández, Historia Contemporánea. Todos eles profesores da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade. Coordinador do curso: Xulio Cuba Orosa.

PONTEVEDRA: A impartir por Francisco Calo, licenciado en Historia e Profesor do Instituto Femenino.

VIGO: A impartir por Francisco Carballo, licenciado en Historia e Profesor da Escola Universitaria de EXB da Eirexa.

LUGO: A impartir por Xoan Xosé Mateo Docampo, licenciado en Historia e Profesor do Instituto de Pontevedra.

OURENSE: A impartir por Anselmo López Carrera, licenciado en Historia e Profesor do Instituto de Ceaño.

A duración do curso é de vinte e cinco horas. O centro onde se celebrará anunciarase pola prensa oportunamente. A data de comezo do curso é o 18 de maio. Os sitios para matricularse para calquera dos tres cursos son: Coruña, Librería Lume. Santiago, Librería Couceiro. Pontevedra, Amigos da Cultura, Librería Paz. Vigo, Librería Castelao. Lugo, Asociación Cultural "Valle-Inclán". Ourense, Librería Ronsel.

PRACTICAS DE LABORATORIO

Especialmente adicado a profesorado da segunda etapa de E. X. B., pra que os laboratorios dos colexios señan usados.

A CORUNA: A impartir por María Victoria Rexach López, licenciada en Biolóxicas e Xosé Luis Armesto, Licenciado en Química e profesor do Colexio Universitario. Lugar: Laboratorio do Colexio Universitario.

SANTIAGO: A impartir por Toté Pérez Taboada, licenciada en Biolóxicas e Profesora de Instituto, por Ramón Varela Díaz, Licenciado en Biolóxicas e Profesor de Instituto e por Xosé Manuel Domínguez Castiñeira, Licenciado en Física e Química e profesor da Escola Universitaria de EXB. Lugar: Laboratorio do Instituto Masculino.

PONTEVEDRA: A impartir por Adela Figueroa Panisse, Licenciada en Biolóxicas, e Profesora do Instituto Femenino. Lugar: Laboratorio do Instituto Femenino.

VIGO: A impartir por Manuel Xesús Fontaiña Pérez, Licenciado en Química e Profesor do Colexio "Daniel Castelao".

LUGO: A impartir por

María do Carmen Ogando Riande, Licenciada en Biolóxicas e Profesora de Instituto.

OURENSE: A impartir por Xurxo Pérez Pintos, Licenciado en Biolóxicas e Profesor da Universidade Laboral. Lugar: Laboratorio da Universidade Laboral.

O curso principia o 18 de maio.

ENSINO PREESCOLAR

Especialmente dirixido a profesores de E.X.B.

Programa do curso:

- 1.- Introduccion xeral ao ensino preescolar.
- 2.- O ensino preescolar en Galicia: situación e alternativas.
- 3.- Psicoloxía do neno galego de 0 a 6 anos.
- 4.- Psicomotricidade I: evolución psicomotriz.
- 5.- Psicomotricidade II: experiencias prácticas.
- 6.- Espresión plástica: aprendizaxe práctico de técnicas.
- 7.- Espresión corporal: teatro e guiñol. Montaxe. Experiencias.
- 8.- Espresión musical: cancións, música acaída, danza e baile.
- 9.- Espresión verbal: a lingua galega no ensino preescolar.
- 10.- Os xogos no preescolar: os xogos propiamente galegos e creativos.
- 11.- Material pra o ensino preescolar: explicación práctica de como elaboralo pra que seña personal.
- 12.- ¿Cómo debería ser un centro pra o preescolar galego? Instalacións, espacios, servicios, etc. Organización escolar.

Ilustración práctica: Dous sesións de 2 h. de cine pedagóxico sobre o nivel de preescolar con diversas películas.

A Coruña: A impartir por María Antonia Codesal, maestra, especialista en preescolar, e Xosé Nicolás Espona, Lic. en Pedagogía, Prof. do centro "Santiago Apóstol".

Santiago: A impartir por Xulio Rodríguez López, Lic. en Pedagogía e Prof. da Escola Universitaria, responsable en Santiago da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, e por Xan Sanmartín Pazos, Lic. en Psicoloxía e Prof. da Escola Universitaria.

Pontevedra: A impartir por Xerino Calvo Maquieira, Lic. en Pedagogía e Prof. da Escola de E.X.B.


Vigo: A impartir por Luis Pérez Rivas, mestre, director de Xardín de infancia.

Lugo: A impartir por Xan Vázquez Nercellas, Lic. en Pedagogía e Prof. da Universidade Laboral, e María Dolores Fernández, maestra de As Nogais.

Ourense: A impartir por Xosé Paz Rodríguez, Lic. en Pedagogía, Prof. da Escola Universitaria de E.X.B. e un dos promotores da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

A data de comezo do curso será o 18 de maio próximo, cunha duración total de 25 horas.

¿E LOGO TI COIDAS QUE TROCARAN AS CARTEIRAS PARA COLLER OUTRAS MAIS GRANDES?



ANUNCIOS DE BALDE

Dous rapaces cumprindo servicio militar gostarían de comunicar con rapazas amantes de tirar da pruma, pra intercambio de amizade. Escribir a: **Francisco Gómez Riesco. Cuartel de Artillería. Grupo a Lomo XII. Tercera Batería. LERIDA.**

Desexarían entrar en contacto con mozos das catro provincias pra formar grupo musical galego. Enderezo: **Manoel Guillán, Avda. Portugal s/n. O GROVE.**

"Troco pegatinas de partidos e organizacións revolucionarias de todas as nacións". Poñerse en contacto escribindo a **M. Carmen Morón. R/Pinceles 25. Madrid-18.**

Gustariame intercambiar adhesivos con rapaces-as de todo o Estado Español, especialmente Euskadi e Catalunya. Escribide a **Xullo Fontecha, rua División Azul, terceiro. A Coruña.**

Dou clases a nenos de preescolar e deica cuarto de EXB. Ou senón, tamén coidaría pequenos polas mañás ou polas tardes. Chámome **Mari Carmen** e vivo na rua das Hortas-53. Santiago.

CARTAS

RESPOSTA

- Estimado (a) Sr. (a) E. P. Penas:

Quixera crarexar algún concepto en relación coa súa carta publicada no número 60 de A NOSA TERRA:

A) Coido que a meirande parte das súas afirmacións remiten a concepcións subxetivas, é dicir a creencias ou opinións polo que non cabe polémica ao respecto.

B) Unha excepción é a acusación de que eu non admito máis música que a de bombo e pandeiro. Remito á colección de A NOSA TERRA onde tratáronse boa cantidade de temas musicais galegos e extragalegos que tiñan ben pouco que ver coas percusións enxebres.

C) O piano e o violín, efectivamente, non son instrumentos específicos de música yankee. Poño por exemplo a "Sonata Op. 37" de Andres Gaus.

D) Coñezo e ademiro as grabacións de Edith Piaf e Jacques Brel. Sinto non coñecer as de Mouloudji e gradecería a facilitación de documentación ao respecto.

E) Tiven hai pouco ocasión de aplaudir a Teté Montoliú nun club de jazz madrileño. Xa me gustaría ter en Galicia un equivalente, pero por desgracia non temos a tradición jazzística de Barcelona e os Montoliús non son produto do azar.

F) Gradecería que o (a) Sr. (a) Penas lle dera ocasión aos lectores das revistas estatais nas que colaboro a ocasión de coñecer a súa opinión sobre min dirixíndose a esas revistas. Os lectores de A NOSA TERRA non teñen por que coñecer o que escribo nelas e a inversa.

G) Son coñecedor das miñas limitacións e do meu descoñecemento de moitas cousas musicais e extramusicais. Por esa razón adico varias horas diarias ao estudo. A miña frustración ven da man da miña ignorancia pero, en xeral, non sinto anxeios creativos. Particularmente intéresame mais a especulación e a análise.

H) Gradecería que o (a) Sr. (a) Penas me indicara a quen sirvo e cales son os seus intereses. Coido que é esencial para o meu traballo coñecer a persoa, institución ou o que seña que me otorga o meu poder.

Finalmente, moitas gracias por dar a coñecer a súa opinión sobre a miña laboura crítica. Tamén polos seus consellos, especialmente polo que refire a función creadora do crítico. Pero sinto decirlle que non me interesaron especialmente as teorías de Elliot. Sigo a creer que a función da crítica é a análise formal dunha creación e a súa aportación virá dada da man do rigor desa análise.

Saúdalle attmente.

XOAN M. CARREIRA



PEPE BARRO